



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PARLAMENTO DE GALICIA
O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se establecen normas sobre os medios materiais que se utilizarán nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2009.
- Decreto polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán os membros da Administración Electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, así como os xuíces de primeira instancia ou de paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais así como persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia con gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2009.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009
- Decreto polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mediación de seguros e reaseguros privados

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de acondicionamento da estrada LU-710 Baralla (N-VI) – O Cádavo (LU-530)
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de acondicionamento da estrada LU-722 Becerreá – Navia de Suarna, treito II, A Ribeira – Navia de Suarna
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acceso da Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra – As Neves da autovía A-52

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



- Decreto polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Bergantiños, A Barbanza, Eume, Muros, Noia, Santiago, O Sar, Os Ancares, Lugo, Sarria, A Ulloa, Allariz-Maceda, Baixa Limia, Terra de Trives, A Paradanta e Pontevedra

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas a diversas entidades para a cobertura dos gastos extraordinarios ocasionados pola prestación de servizos de comedor social e outros ligados a prestacións de centros de inclusión social
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e a entidade *Fundación Preescolar na Casa*, para a promoción da formación do ámbito da familia e contribuír á promoción da cultura e da lingua galega, mediante o programa *Preescolar na casa – Educar en familia*

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Comunicación e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, para o desenvolvemento do Plan nacional de transición á televisión dixital terrestre (TDT)
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Concello de Celanova (Ourense) e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para proceder á cesión gratuíta e libre de cargas da planta baixa do inmovible da rúa Cervantes número 4 a favor da Consellería e para colaborar financeiramente co concello para executar a terceira fase do edificio multiusos do municipio
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se aproba a tramitación anticipada do gasto por unha contía de corenta e nove millóns setecentos seis mil seiscentos quince euros con once



(49.706.615,11 euros) correspondente á obra vía de alta capacidade (VAC) da Costa Norte. Treito Celeiro- San Cibrao

- Acordo polo que se autoriza a tramitación anticipada do gasto por unha contía de oito millóns trescentos sesenta e sete mil novecentos once euros con oito céntimos (8.367.911,08 euros) correspondentes á obra “acondicionamento da estrada LU-722 Becerreá- Navia de Suarna. Treito II: A Ribeira- Navia de Suarna”
- Acordo polo que se autoriza a tramitación anticipada do gasto por unha contía de once millóns catrocentos doce mil setecentos sete euros con tres céntimos (11.412.707,03 euros) correspondente á obra “acondicionamento da estrada LU-710 Baralla (N-VI) e O Cávado (LU-530)”.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Carballo para o acondicionamento e mellora da seguridade viaria na estrada AC-416, PQ:0+000 ao PQ:1+360, Avenida de Malpica
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Nigrán á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Gondomar á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a *Organización Nacional de Cegos Españóis* para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas discapacitadas visuais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Comunidade Autónoma de Galicia para o programa de apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE)

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia para a execución dos traballos de creación da unidade CAPITA
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia*,



para a construción de instalacións do *Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes*

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento da XVIII edición do *Máster de dirección e xestión do comercio exterior*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento da IV edición do *Máster en Xestión e Dirección de Empresas de Moda*

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda de realización dos traballos de diagnose e prevención de enfermidades dos animais sometidos a programas oficiais de control e erradicación
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a encomenda de realización dos traballos de identificación animal, rastrexabilidade e hixiene das producións gandeiras
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural co Concello de Chantada (Lugo), no marco do Plan de actuación global de infraestruturas vitícolas na Ribeira Sacra-2008
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Programa estratéxico de infraestruturas no Medio Rural (PEIM) FEADER (Moeche-Carballeda de Valdeorras)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural co Concello de Castrelo de Miño (Ourense), no marco do Plan de melloras das infraestruturas viarias no Ribeiro-2008
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan de infraestruturas rurais 2008 (PIR-FP-Corcubión-Allariz)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no



marco do Plan de melloras das infraestruturas viarias na denominación de orixe Monterrei-2008 (Cualedro-Vilardevós)

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto de execución da liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión Molinos, sobre a que cualifica a do monte veciñal en man común Lixó, pertencente á comunidade de Oleiros no concello de Ribeira (A Coruña)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de cooperación entre o Ministerio de Fomento e a Consellería de Cultura e Deporte, para o financiamento das obras de consolidación do Mosteiro de Melón (Melón-Ourense)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2009 do contrato-programa de data 1 de xaneiro de 2005 subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica*, para a prestación de servizos de asistencia sanitaria así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria
- Acordo polo que se autoriza a prórroga ao concerto vixente de data 29 de abril de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridad de Ferrol, do cal depende o Hospital General Juan Cardona, para a prestación de servizos sanitarios a beneficiarios da seguridade social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, para o período do 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2009
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1650 m², feita a título gratuito polo Concello de Vilamarín (Ourense), a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde



- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1558 m², feita a título gratuito polo Concello de Toén (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda pola que se prorroga, ata o 30 de xuño de 2009, o convenio de colaboración asinado con data 31 de decembro de 2007 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do plan de recuperación produtiva do marisqueo desde embarcación na ría do Burgo
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da terceira addenda pola que se prorroga, ata o 30 de xuño de 2009, o convenio de colaboración asinado con data 9 de marzo de 2007 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Confraría de Pescadores da Coruña, para a realización do plan de recuperación da ría do Burgo
- Acordo polo que se autoriza o expediente de axuste de anualidade do compromiso de gasto plurianual das bolsas para a formación de persoal especialista en temas de investigación mariña correspondentes ao programa de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Corcubión para a execución da obra “Rede de saneamento en Corcubión (Fase 1). Corcubión (A Coruña)”, clave OH.315.765, por importe de novecientos dezasete mil cincocentos seis euros con cincuenta céntimos (917.506,50 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ourense para a execución da obra “Rede de saneamento a Palmés e outros (Outeiro-A Burata). Ourense, (Ourense)”, clave OH.332.610, por importe de cincocentos cincuenta e oito mil vinte e dos euros con seis céntimos (558.022,06 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ponteareas para a execución da obra “Saneamentos nas parroquias de Areas, Arnoso e Xinzo. 4ª Fase. Ponteareas (Pontevedra)”, clave OH 336.782, por importe de oitocentos mil euros (800.000 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Camariñas para a execución da obra “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Camelle, Camariñas (A Coruña)”, clave



OH.315.817, por importe de un millón oitocentos corenta e oito mil trescentos corenta e seis euros con oitenta e oito céntimos (1.848.346,88 euros)

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para a redución de gases de efecto invernadoiro en instalacións universitarias, por importe de cincuenta mil euros (50.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para a redución de gases de efecto invernadoiro en instalacións universitarias, por importe de cincuenta mil euros (50.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña para a redución de gases de efecto invernadoiro en instalacións universitarias, por importe de cincuenta mil euros (50.000 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para a execución e coordinación de actuacións de promoción, sinalización, difusión e de programación de actuacións futuras, dentro da reserva da biosfera do río Eo, Oscos e Terras de Burón

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o gasto de investimento en contía de trece millóns oitocentos oitenta e oito mil oitocentos dezanove euros con cincuenta e un céntimos (13.088.819,51 euros) correspondente ao “Proxecto e obra de edificación de 132 vivendas de promoción pública en Valdecorvos (Pontevedra)”, expte. PO-2008/701”
- Acordo polo que se autoriza o gasto de investimento por importe de vinte e catro millóns catrocentos catro mil trescentos corenta e nove euros con noventa e un céntimos (24.404.349,91 euros), para a contratación das obras de edificación e urbanización dunha área residencial universitaria da 97 vivendas no campus de Elviña (A Coruña)
- Acordo de declaracións do Proxecto sectorial da plataforma loxística empresarial e portuaria de Ferrol como de incidencia supramunicipal

INFORMES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia das obras para a estabilización de noiro na vía de acceso ao porto de Ribadeo





O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA ANUNCIA A CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN PARA O DÍA 1 DE MARZO

O presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, comunicou hoxe ao Consello de Goberno a súa decisión de convocar eleccións ao Parlamento de Galicia, que se celebrarán o día 1 de marzo do vindeiro ano 2009. O decreto será asinado polo xefe do Executivo e publicado no Diario Oficial de Galicia nos primeiros días de xaneiro.

Segundo a normativa electoral e o calendario previsto, a campaña daría comezo ás 00,00 horas do día 13 de febreiro, durará 15 días e rematará, polo tanto, ás 24,00 do día 27 do mesmo mes. O día 28 será xornada de reflexión.

Medios materiais

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto polo que se establecen as normas sobre os medios materiais –locais electorais, urnas, cabinas, papeletas e sobres e impresos electorais- que se utilizarán nas eleccións.

Igualmente, o Goberno galego aprobou un decreto polo que se fixan as gratificacións e indemnizacións que percibirán os membros da Administración Electoral en Galicia e o persoal ao seu servizo, os xuíces de Primeira Instancia ou de Paz, representantes da Administración da Comunidade Autónoma nas mesas electorais así como persoal dos servizos centrais da Xunta de Galicia co gallo das eleccións ao Parlamento de Galicia de 2009.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROGRAMA ESTATÍSTICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA O ANO 2009

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto do Programa estatístico 2009, no cal se establece a oferta estatística da Comunidade Autónoma composta por un total de 132 operacións e 43 actividades estatísticas que se realizarán no vindeiro ano polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e os distintos departamentos da Xunta de Galicia. Este programa desenvolve o Plan galego de estatística 2007-2011, instrumento de planificación que ten por finalidade mellorar e consolidar o sistema estatístico galego.

Das 132 operacións citadas, a maioría están incluídas nas áreas de poboación e condicións sociais e de estrutura produtiva, concentradas en temáticas como sanidade, mercado laboral, benestar e participación social, sector agrario e pesqueiro e mercados e prezos.

Na oferta do programa 2009 trátanse temas de gran relevancia social como poboación dependente, vida familiar e a súa conciliación co traballo, pobreza, exclusión social ou violencia de xénero. Entre as operacións máis importantes destacan a *Enquisa estrutural de empresas* e a *Enquisa de innovación empresarial* que se difundirán a mediados do vindeiro ano; a *Enquisa aos demandantes de emprego* que o IGE está a realizar en colaboración coa Consellería de Traballo; a *Enquisa social: Fogares e medio ambiente* que é a primeira operación que se diseña e realiza conxuntamente por institutos de estatística de Comunidades Autónomas e o INE. Tamén se incorpora ao programa do 2009 a *Enquisa de poboación activa (EPA)* como operación propia do sistema estatístico da Comunidade, que será executada conxuntamente polo Instituto Nacional de Estadística (INE) e o IGE sobre unha mostra ampliada con respecto á que se viña utilizando tradicionalmente para Galicia. Ademais a *Enquisa de condicións de vida* incorporará un módulo específico para investigar o gasto dos fogares.

Por outro lado, rematárase o marco Input-Ouput de Galicia 2005, que constituirá unha ferramenta fundamental para a maior parte das operacións relacionadas coa estrutura produtiva galega, dende o sistema de contas económicas ata a elaboración das diferentes contas satélite temáticas.

A programación de cada operación inclúe os seus obxectivos, estado de desenvolvemento, ámbitos de investigación, periodicidade, orzamento, prazos de difusión e organismo responsable.



O GOBERNO GALEGO APROBA A CREACIÓN DO REXISTRO ESPECIAL DE MEDIADORES DE SEGUROS E DE CORREDORES DE REASEGUROS

- ***O novo rexistro constitúese como ferramenta de publicidade e de organización e control dos mediadores de seguros inscritos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto que recolle a creación dun novo rexistro de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma, así como a posibilidade de remitir telematicamente á Administración toda aquela información referente a esta materia.

Para dar cobertura aos cambios que introduce a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, o decreto aprobado prevé a creación dun rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos na Comunidade Autónoma de Galicia. Este rexistro, que substitúe o actual rexistro de corredores de seguros, de sociedades de corredoría de seguros e dos seus altos cargos, estará adscrito á dirección xeral con competencias en materia de supervisión de seguros, na actualidade a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, dependente da Consellería de Economía e Facenda.

O novo rexistro constitúese, ademais, como ferramenta de publicidade e de organización e control dos mediadores de seguros inscritos. Neste rexistro inscribíranse as novas figuras da mediación de seguros que recolle a Lei 26/2006: o axente de seguros vinculado a varias entidades aseguradoras e o corredor de reaseguros.

Ata a Lei 26/2006 no sector da mediación de seguros existían unicamente dúas figuras, o axente exclusivo dunha entidade aseguradora e o corredor de seguros, que podía mediar con varias compañías pero sen ningún tipo de vinculación con elas. A evolución experimentada nos últimos anos na actividade de mediación determinou a aparición dalgunhas prácticas non previstas na normativa anterior e a consolidación de novas formas de mediación no mercado asegurador, que foron trasladadas á Lei 26/2006 e que agora se recollen no ordenamento xurídico autonómico. As novas figuras son, en primeiro lugar, o axente vinculado, que é un axente que pode operar con máis dunha compañía; e, en segundo lugar, o corredor de reaseguros, que asesora as entidades aseguradoras na procura da mellor cobertura.

Por outro lado, co fin de facilitar a relación coa Administración a través dos medios electrónicos e de impulsar o seu emprego, o novo decreto incorpora a posibilidade de remisión telemática de toda aquela información que teñen que enviar de xeito periódico os mediadores de seguros e reaseguros á dirección xeral con competencias nesta materia.

Segundo a Lei orgánica 6/1999, do 6 de abril, correspóndelle á Comunidade – a través da Consellería de Economía e Facenda- a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de ordenación do crédito, banca e seguros. Na actualidade, as



bases de ordenación en materia de mediación de seguros e reaseguros privados figuran na Lei 26/2006, do 17 de xullo, que derroga a anterior Lei 9/1992, do 30 de abril.



A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 22 MILLÓNS DE EUROS NA REFORMA DE DÚAS ESTRADAS DA MONTAÑA LUGUESA

- ***O Consello autorizou o gasto de 11,4 millóns e o inicio das expropiacións por outros 1,7 millóns para acondicionar os 16 quilómetros da estrada Baralla-O Cádavo***
- ***Igualmente, a Xunta autorizou o gasto de 8,3 millóns e o inicio das expropiacións por outro millón para a os 13 quilómetros entre A Ribeira e Navia de Suarna***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para acometer a mellora da estrada Baralla-O Cádavo (LU-710). Igualmente, o Consello autorizou o gasto de 11,4 millóns de euros para realizar a obra, cifra á cal hai que engadir 1,7 millóns de euros que irán destinados ao pagamento das expropiacións dos 310 predios dos concellos de Baralla e Baleira necesarias para mellorar a estrada.

A reforma que a Consellería de Política Territorial vai acometer nos 16 quilómetros da estrada Baralla-O Cádavo repartirase en dous treitos. O primeiro, entre o comezo da estrada na N-VI e o seu enlace coa A-6 (p.q. 4,350), consistirá nunha ampliación da plataforma da calzada dos actuais 5 metros ata un mínimo de 6 metros, largo que será superior nas curvas. A actuación tamén recolle a mellora da intersección coa N-VI e a construción de paraxes de autobús en espazos específicos na marxe da calzada máis seguros para que o transporte público e escolar non teña que deterse dentro da calzada.

O segundo treito discorre entre o final do enlace coa A-6 (p.q. 4,750) ata o remate no Cádavo, na intersección coa estrada Lugo-A Fonsagrada (LU-530), onde se mellorará a seguridade coa construción dunha glorieta. Neste treito alargarase a calzada dos actuais 5,5 metros a 9 metros, con dous carrís de 3,5 metros e dúas beiravías dun metro máis cada unha. Tamén se acondicionarán todas as interseccións con vías secundarias e se reordenarán os diversos accesos coa construción de camiños de servizo que reduzan os accesos directos á estrada, mellorando así a súa seguridade.

A LU-710 atravesa catro canles fluviais que en determinadas épocas do ano soportan elevados caudais que mesmo chegan a provocar asolagamentos. Por iso, unha das actuacións máis relevantes nesta estrada será a mellora da súa drenaxe, tanto transversal como lonxitudinal. En concreto, para salvar os anteditos catro canles executaranse tres estruturas tipo pórtico e unha ponte con taboleiro de vigas duns 32 metros de luz.



A Ribeira-Navia de Suarna

O Consello da Xunta tamén autorizou o gasto de 8,3 millóns de euros e declarou a utilidade pública dos terreos necesarios para acometer a mellora da estrada Becerreá-Navia de Suarna (LU-722) no treito A Ribeira-Navia, que se engade ás obras que xa están en marcha no treito anterior, Becerreá-A Ribeira. Ao gasto autorizado hai que engadir preto dun millón de euros máis para o pagamento das expropiacións.

As obras que agora executará a CPTOPT sobre o segundo treito da estrada desenvolveranse ao longo de 13 quilómetros entre a ponte do río Navia existente na parroquia de San Martiño da Ribeira (Cervantes) e Navia de Suarna. Os traballos inclúen a ampliación da calzada ata os 7 metros de largo e a eliminación das curvas máis pechadas.

Política Territorial xa está executando a reforma do primeiro treito desa estrada, duns 11 quilómetros, entre Becerreá e A Ribeira, por máis de 6 millóns de euros.

Máis de 70 millóns de euros de investimento na montaña luguesa

As dúas actuacións autorizadas hoxe engádense ás que xa ten en marcha a Consellería de Política Territorial para sumar uns investimentos totais superiores aos 70 millóns de euros en máis de 150 quilómetros de estradas. Así, ademais das obras que agora se inician, rematouse xa a mellora da estrada A Pontenova-Taramundi (LU-704) e está en execución o "Y" da Fonsagrada (LU-701 e LU-703), Meira-Baleira (LU-750), Pontes de Gatín-límite coa provincia de León (LU-723) e Quiroga-Folgozo do Courel (LU-651).

Con estas obras, o Goberno galego non só mellora a mobilidade e a seguridade viaria desta zona senón que tamén contribúe a vertebrar o territorio, axuda a fixar poboación e dinamiza a economía co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos cidadáns no interior de Galicia, ao facer estas comarcas máis atractivas.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INICIO DAS EXPROPIACIÓNS PARA CONSTRUIR O ACCESO DA PLISAN Á AUTOVÍA DAS RÍAS BAIXAS

- *A Xunta destina 21,8 millóns de euros aos 4,5 quilómetros deste novo treito de autovía, dos cales 2,58 millóns se destinan ao pagamento dos terreos necesarios para a obra*
- *A nova infraestrutura conectará a rede viaria xa existente na zona e mellorará a accesibilidade tanto da plataforma loxística como dos concellos de Salvaterra de Miño, As Neves e Arbo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos necesarios para construír o acceso á Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (PLISAN) desde a autovía das Rías Baixas (A-52). A Consellería de Política Territorial inviste nesta infraestrutura 21,8 millóns de euros, dos cales 2,58 millóns van destinados ao pagamento das expropiacións dos 670 predios necesarios.

A CPTOPT aprobou o proxecto de trazado e construción da nova infraestrutura que, coa denominación de AG-51, terá características de autovía e unha lonxitude de 4,5 quilómetros. A estrada de altas prestacións conectará ademais todas as vías xa existente na zona e mellorará a accesibilidade aos concellos de Salvaterra de Miño, As Neves e Arbo.

O volume de investimento pon de manifesto a importancia que para a Xunta ten a PLISAN, que será a maior plataforma de actividades industriais e empresariais de Galicia con máis de 4 millóns de metros cadrados. Configurarase así como unha dotación fundamental no artellamento da economía galega, que permitirá un incremento da eficacia e a competitividade, a través dunha oferta empresarial, de infraestruturas e servizos loxísticos e de transporte de mercadorías altamente competitivos. Polo tanto, a conectividade terrestre desa localización, por medio de redes viarias e de ferrocarril, resulta fundamental para a funcionalidade e operatividade da plataforma que estará vinculada ao Porto de Vigo.

Colaboración co Ministerio de Fomento para o nó de enlace coa A-52

O acceso da PLISAN á A-52 é froito do acordo entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, segundo o cal a CPTOPT redactou o proxecto de trazado e construción da nova estrada (de titularidade autonómica), deseño en que se inclúe tamén o nó de enlace coa A-52 (autovía de titularidade estatal). Ese nó de enlace final será froito da remodelación do actual enlace de Puzo-Lira. Pola súa banda, o Ministerio de Fomento licitará e executará as obras de remodelación do nó de Puzo-Lira.



A XUNTA DECLARA 17 NOVAS ZONAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO

- *O Consello da Xunta aprobou o decreto que declara como zonas de especial interese agrario as comarcas de Bergantiños, A Barbanza, Eume, Muros, Noia, Santiago, O Sar, Os Ancares, Lugo, Sarria, A Ulloa, Allariz, Maceda, Baixa Limia, Terra de Trives, a Paradanta e Pontevedra*
- *Mediante este decreto o Goberno galego continúa a declaración de ZEIA co obxectivo de acadar de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio*

O Consello da Xunta decretou como zonas de especial interese agrario (ZEIA) as comarcas de Bergantiños, A Barbanza, Eume, Muros, Noia, Santiago, O Sar, Os Ancares, Lugo, Sarria, A Ulloa, Allariz, Maceda, Baixa Limia, Terra de Trives, a Paradanta e Pontevedra. Esta consideración de ZEIA xa estaba prevista na Lei de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e Banco de Terras de Galicia co obxectivo de acadar unha progresiva implantación.

Mediante este decreto, a Xunta continúa a declaración de zonas de especial interese agrario co obxectivo de acadar de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio galego. A declaración de ZEIA destas 17 comarcas, ás cales hai que sumarlle as 21 anteriores, determínase despois dunha análise do territorio e obedecendo a criterios de produtividade agrícola e gandeira. Entre os factores que se tiveron en conta para a súa escolla, figuran a presenza dun número significativo de explotacións, as características e potencialidade dos terreos ou zonas nas que se localizan, a existencia de zonas que foron obxecto de concentración parcelaria ou que poderán selo no futuro, así como a incidencia da actividade agropecuaria reflectida no número de explotacións, plans de mellora e incorporación de mozos e mozas á actividade agraria.

Impulso do medio rural

O Banco de Terras constitúe un instrumento fundamental para impulsar o medio rural, que favorece a mobilidade das terras que se atopan improdutivas para evitar o seu abandono e a perda de superficie agraria útil. Neste sentido, a posta en valor dos predios agrarios infrautilizados, semiabandonados ou en grave situación de abandono son unha potencial fonte de riqueza sobre os que o Banco de Terras incidirá de xeito especial, poñéndoos á disposición das explotacións para establecer, ampliar ou dotalas dunha base territorial que mellore a súa competitividade e viabilidade técnica, económica e social.

Deste xeito, a ampliación da base territorial das explotacións permitirá unha menor dependencia de pastos e forraxes externos, así como a posible diversificación de cultivos, aumentando a capacidade produtiva das explotacións e a posibilidade de apertura a novos mercados para a comercialización dos produtos agrarios. Está previsto que actuacións redunden nunha elevación do nivel de vida dos agricultores, abrindo e facendo atractiva a actividade agraria a novos sectores de poboación para o seu asentamento no rural, superando así o envellecemento e o abandono do agro galego.



O GOBERNO GALEGO ACHEGARÁ PRETO DE 140.000 EUROS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS EN COMEDORES SOCIAIS E OUTROS CENTROS DE INCLUSIÓN SOCIAL

- ***Trátase de axudas directas coas cales se pretende cubrir os gastos extraordinarios rexistrados nestes centros nos últimos meses***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se conceden axudas directas por un importe de 137.070 euros a un total de sete entidades que prestan servizos de comedor social e outros servizos na área de inclusión social. A través destas axudas a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar cubrirá os gastos extraordinarios rexistrados nestes centros, que se viron sensiblemente incrementados nos últimos meses.

Segundo se recolle no documento, Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol recibirá un total de 15.916 euros; Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela contará con 35.000 euros; Cáritas Diocesana de Lugo recibirá 15.918 euros; Santo Hospital de Caridad disporá de 14.250 euros; o Instituto Benéfico Social Padre Rubinos xestionará outros 25.820 euros; Hermanos Misioneros de Enfermos Pobres disporá de 15.916 euros; e a Fundación Amigos de Galicia recibirá 14.250 euros.

Estas axudas destinadas ao mantemento dos servizos de comedor e doutras áreas de inclusión social supoñen dobrar os fondos destinados ás entidades que traballan neste ámbito de actuación para facer fronte así á crecente demanda destes servizos sociais. Estas medidas pretenden paliar o empeoramento nas condicións de moitas persoas con baixos ou nulos ingresos económicos, constatado polas entidades sociais que viron como nos últimos meses aumentou o número de persoas que solicitan axuda.

Xunto con estas axudas directas autorizadas hoxe no Consello da Xunta, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar incrementará a dotación da orde anual de subvencións dirixidas a estas entidades para o ano 2009, ata chegar aos 800.000 euros. En total, a dotación orzamentaria para as entidades que prestan este tipo de servizos sociais chegará ata o 1,6 millóns de euros.



A XUNTA E 'PREESCOLAR NA CASA' COLABORAN PARA ENRIQUECER O PAPEL DOS PAIS E DAS NAIS NA EDUCACIÓN DOS CATIVOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio coa Fundación Preescolar na Casa***
- ***No marco deste programa, apóstase pola promoción da cultura e a lingua galega no ámbito da familia***

O Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Fundación Preescolar na Casa para o desenvolvemento da formación no ámbito da familia, incidindo na promoción da cultura e a lingua galega, mediante o programa *Preescolar na casa - Educar en familia*.

A Xunta destina 500.000 euros ao financiamento deste proxecto, que promove o establecemento de contactos presenciais coas familias para enriquecer e mellorar a educación dos nenos e nenas, e nel poden participar familias con fillos ou fillas de 0 a 6 anos. Así, está dirixido ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas, sobre todo nas súas primeiras etapas, e aposta neste eido pola aprendizaxe e a normalización da lingua galega.

Preescolar na casa trata de crear actitudes favorables nos pais e nas nais para que tomen parte activa na educación integral dos seus fillos e fillas, ao tempo que busca mellorar a información que teñen as familias sobre o desenvolvemento da infancia. A través deste programa, organízanse reunións de orientación de carácter quincenal en todos os concellos participantes. Tamén se edita unha revista de periodicidade bimensual e unha páxina web, na cal se recollen todos os contidos do programa.



A XUNTA E O MINISTERIO DE INDUSTRIA ASINAN UN CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN NACIONAL DE TRANSICIÓN Á TDT QUE BENEFICIARÁ 60 CONCELLOS GALEGOS ANTES DE XUÑO DE 2009

- *O acordo recolle un investimento de 3.261.500 euros por parte de ambas as administracións para acometer a primeira fase do plan de transición á TDT*
- *O paso á nova tecnoloxía supón un esforzo tecnolóxico de gran magnitude que supón unha mellora na calidade das imaxes e abre a posibilidade de ofrecer aos cidadáns unha oferta de maior calidade e unha programación máis diversa*
- *O investimento para Galicia beneficiará 44 concellos da área técnica de Santiago e 16 da área de Ourense Leste*
- *Financiarase o despregamento de 4 múltiplex privados e o múltiplex de TVE para cada un dos 139 gap-fillers que se instalarán en Santiago e Ourense*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio entre a Secretaría Xeral de Comunicación e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para o desenvolvemento do Plan nacional de transición á TDT que permitirá que 60 concellos galegos dean o paso á nova tecnoloxía antes de xuño de 2009. Trátase dos concellos que se atopan nas demarcacións de Ourense Leste e Santiago, pertencentes á fase I do plan do ministerio e que realizarán o apagamento en xuño de 2009. Así mesmo, o convenio recolle o cesamento ordenado e progresivo das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica e a súa total substitución por emisións baseadas en tecnoloxía dixital que garantan o tránsito pleno a ela antes do 3 de abril de 2010 (fases II e III, demarcacións de Meda, Páramo, Domaio e Ares).

Ambas as partes entenden que a transición da tecnoloxía analóxica á dixital mellora a calidade dos servizos ao tempo que supón un aumento espectacular na súa diversidade. En concreto, a aplicación da tecnoloxía dixital á transmisión e difusión dos servizos públicos de televisión por ondas terrestres supón un esforzo tecnolóxico de gran magnitude que supón unha mellora na calidade das imaxes e abre a posibilidade de ofrecer aos cidadáns unha oferta de maior calidade e unha programación máis diversa e avanzada, facilitando, ao mesmo tempo, un mellor aproveitamento do espectro radioeléctrico dispoñible.

O convenio inclúe a vontade de ambas as partes de manter unha relación permanente de cooperación, coordinación e información mutua respecto de todas as actuacións de impulso á TDT. Así, a execución das actuacións acordadas e de interese para ambas as administracións serán cofinanciadas por ambas as partes e terán carácter anual.

60 concellos beneficiados

O investimento que se executará en Galicia supón o paso á TDT para a área técnica de Ourense Leste e a de Santiago, correspondentes á fase I. Esta medida vai permitir o



despregamento da TDT nun total de 16 concellos da área de Ourense Leste e 44 da área de Santiago, o que representa un 20% de todo os concellos da comunidade.

Da primeira fase do apagamento analóxico vanse beneficiar preto de 415.000 habitantes, un 15% da poboación galega. Tras a primeira fase de transición á TDT quedan pendentes dúas máis; a segunda das fases rematará o 31 de decembro de 2009 ao cesar as emisións en analóxico da área de Ares e da área de Meda e, finalmente, o 3 de abril de 2010, data en que terá lugar o último cesamento de emisións nas áreas de Domaio e Páramo.

Primeira fase da transición á TDT

Os recursos que se distribuirán permitirán estender a cobertura nos dous proxectos de transición galegos dos 32 definidos en todo o estado para a fase I do Plan nacional (data de cesamento de emisións analóxicas antes do 30 de xuño de 2009). Estes criterios aplícanse á dixitalización dos centros de extensión de cobertura na parte correspondente aos múltiplex dos difusores de ámbito nacional (públicos e privados).

A Xunta financiará o 50% dos centros analóxicos que se despregaron mediante convenios de extensión de cobertura entre a Administración autonómica e as deputacións e os concellos, así como o 50% do custo de conversión a dixital dos microrreemisores analóxicos públicos.

Instalación de 139 microrreemisores

No caso galego a proposta do ministerio para a extensión da cobertura da TDT na fase I afecta os proxectos técnicos de Santiago e Ourense-Leste Zamora que previsiblemente acometerán o apagamento analóxico o 3 de xuño de 2009. Así, o plan do ministerio inclúe o despregamento de tres centros, un deles financiado ao 100% polo ministerio e os outros dous ao 50%. Ademais, o ministerio financiará o 50% do despregamento de 4 múltiplex privados e o múltiplex de TVE para cada un dos 99 gap-fillers que se instalarán en Santiago e 40 en Ourense.

Cesamento das emisións analóxicas

O Ministerio de Industria ten definido para a comunidade galega 6 proxectos de transición nos cales se planifica o cesamento das emisións analóxicas de televisión por emisións dixitais. Así, as áreas técnicas de Santiago, Ourense Leste e Zamora Norte cesarán as emisións analóxicas o 30 de xuño de 2009 (fase 1), aínda que a Xunta fará o acendido xa antes de que remate o ano. As áreas de Ares e Meda (fase 2) realizarán o cesamento de emisións en analóxico o 31 de decembro de 2009 mentres que as de Domaio e Páramo (fase 3) o farán o 3 de abril de 2010.

O proxecto de transición para Ourense e Santiago realizarase no primeiro semestre de 2009 e afectará 44.184 e 357.673 habitantes, respectivamente. A data de apagamento para as áreas de Meda e Ares será o segundo semestre de 2009, e afectará 339.603 e 709.831 habitantes, respectivamente. A última fase corresponde ás áreas de Domaio e



Páramo que realizarán o apagamento o 3 de abril de 2010. Veranse afectados 936.001 habitantes no caso de Domaio e 316.227 no do Páramo.

As actuacións obxecto do convenio son as seguintes:

- Extensión da cobertura dixital ata igualar a analóxica: asegurar que se despregaron as estacións dixitais necesarias para que a cobertura dixital sexa, polo menos, igual á analóxica preexistente.
- Incremento do grao de conexión da cidadanía: comprobar que se adaptaron en grao suficiente as instalacións colectivas de recepción de televisión e que os fogares dispoñen maioritariamente de sintonizadores para recibir as sinais da TDT.
- Información local adecuada sobre as datas de cesamento de emisións: realizar campañas de comunicación local que informen sobre as datas de substitución das emisións de televisión analóxica que afectan cada zona xeográfica concreta, intensificando a súa periodicidade a medida que se vaia achegando a data efectiva do cesamento de emisións.
- Elaboración e posta en marcha dun Plan de continxencia: deseñar un Plan de continxencia cuxo obxectivo sexa dar resposta coa máxima dilixencia e efectividade a calquera problema ou situación de alteración da normalidade que poida aparecer no proceso de tránsito efectivo de cada un dos proxectos.

Investimento compartido

O orzamento destinado ao convenio ascende a 3.261.500 euros, financiados a partes iguais por ambas as administracións. O total do orzamento irá destinado a igualar a cobertura dixital á analóxica nos proxectos de transición da fase I, cuxa data límite de cesamento se atopa máis próxima. Así mesmo, o convenio recolle a necesidade de anticipar na medida do posible as datas de acendido, convivindo durante un tempo ambas as tecnoloxías.

Poderán incluírse como gastos imputables ao convenio os custos de adquisición de equipamentos, programas e sistemas electrónicos, informáticos e de telecomunicacións, así como os custos dos servizos de telecomunicacións correspondentes ao acordo e, en xeral, todo aquel equipamento de telecomunicacións aliñado cos obxectivos xerais establecidos.



A XUNTA ACHEGARÁ 450.000 EUROS PARA MELLORAR O SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA NO PARTIDO XUDICIAL DE CELANOVA

- ***O obxecto do convenio é a cesión dun espazo que albergará instalacións xudiciais no municipio e a colaboración na execución da terceira fase do edificio multiusos da localidade***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Celanova para a cesión, por parte deste último, dun espazo que albergará instalacións xudiciais no municipio, así como para colaborar na execución da terceira fase do edificio multiusos da localidade. Para este cometido a Consellería achegará 450.000 euros en tres anualidades, de 2009 a 2011.

Segundo o texto, Celanova procederá á cesión gratuíta e libre de cargas do andar baixo dun inmobile sito na rúa Cervantes, número 4, a favor da Consellería de Presidencia para a ampliación da sede xudicial do municipio e a súa adecuación á normativa en materia de eliminación de barreiras arquitectónicas. Ademais, a Consellería de Presidencia comprométese tamén a colaborar financeiramente co concello para executar a terceira fase do edificio multiusos municipal, un espazo de lecer e de encontro veciñal, que albergará un gran número de actividades de lecer e de carácter cultural.

Os obxectivos que se pretenden acadar nun futuro con estas actuacións son prestar un mellor servizo aos usuarios da Administración de xustiza do partido xudicial de Celanova, do cal este municipio é capital, tendo en conta a poboación a que atende, o seu volume de traballo e as necesidades requiridas por este servizo público. De igual modo, a Consellería de Presidencia tamén quere colaborar co municipio para que preste os servizos necesarios á cidadanía.

Comisión de seguimento

Ademais, para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta integrada polo secretario xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, un representante do concello de Celanova e un representante máis de cada unha das partes. As súas funcións serán, entre outras, a interpretación do convenio, a proposta –no seu caso- de addendas e a intervención previa á resolución por incumprimento.



A XUNTA RECIBIRÁ DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS PARA A CREACIÓN DE 1.111 PRAZAS EN 15 NOVOS CENTROS DA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS

- ***O Ministerio de Educación, Política Social e Deporte a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asinarán un convenio de colaboración para o financiamento das novas prazas de educación infantil, que beneficiarán un total de 14 concellos galegos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a creación dun total de 1.111 novas prazas en 15 novos centros da Rede Galega de Escolas Infantís *Galescola*. A través deste acordo de colaboración o Goberno central achegará algo máis de 5,3 millóns de euros para a posta en marcha das prazas de educación infantil para nenos e nenas de cero a tres anos de idade.

Segundo se recolle no convenio, os novos centros que se integrarán na rede estarán localizados en 14 municipios das provincias de Pontevedra e A Coruña e terán un impacto directo sobre unha poboación infantil de 0 a 3 anos de máis de 20.000 nenos e nenas, o que representa un 32 por cento do total da poboación galega nese treito de idade, segundo datos dos padróns municipais. Así, os novos centros situaranse nos concellos coruñeses de Ares, Culleredo, Ferrol, Ames, Melide, Noia e A Coruña (2 galescolas); así como nos pontevedreses de Mos, Cangas, Cotobade, Silleda, Vilagarcía de Arousa, Tomiño, Vigo.

Cada novo centro disporá dun mínimo de tres unidades e todos eles contarán con todos os servizos, equipamentos e recursos humanos dispoñibles nas escolas infantís da Rede que xa funcionan en Galicia. A Rede Galega de Escolas Infantís *Galescola*, xestionada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar concíbese como unha rede pública para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e coa que garantirlles aos pais e nais de Galicia a posibilidade de formar os seus fillos e fillas nun contorno educativo de calidade e comprometido coa defensa da identidade.



A XUNTA DE GALICIA INVISTE 54 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO TREITO DO CORREDOR DA COSTA NORTE ENTRE CELEIRO E SAN CIBRAO

- ***Política Territorial investirá un total de 276 millóns de euros en toda a vía de alta capacidade da Costa Norte que unirá Ferrol e San Cibrao***

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o gasto de 49,7 millóns de euros para a construción do treito Celeiro-San Cibrao, pertencente ao do corredor da Costa Norte que unirá Ferrol con San Cibrao (no termo municipal de Xove). A contía autorizada hoxe correspóndese unicamente coa execución das obras, xa que o orzamento total estimado deste tramo ascende a uns 54,3 millóns de euros (expropiacións, servizos afectados, vixilancia ambiental,...).

O treito Celeiro-San Cibrao ten unha lonxitude de oito quilómetros que discorren polos termos municipais de Viveiro e Xove e contará con catro enlaces (Celeiro, Xove Oeste, Xove Leste e San Cibrao). Ademais, xa foron adxudicadas as obras do tramo da variante de Ortigueira, que comezará a executarse en breve.

A Consellería de Política Territorial investirá un total estimado de 276 millóns de euros na execución de toda a vía de altas prestacións da Costa Norte, que discorrerá ao longo de 90 quilómetros e será prolongada tamén con características de corredor polo Ministerio de Fomento dende San Cibrao ata Barreiros, punto no que enlazará coa Autovía do Cantábrico (A-8).

Cómpre lembrar que a Consellería de Política Territorial reformulou o proxecto inicial para garantir que sexa unha vía deseñada cos mellores parámetros de calidade e seguridade viaria e coa capacidade suficiente para atender a demanda de vehículos prevista. Neste senso, a CPTOPT introduciu unha serie de melloras de xeito que a infraestrutura terá características de corredor, é dicir, que dende o punto de vista técnico estará deseñada para o seu desdoblamento en autovía cando a intensidade do tráfico o requira.

O GOBERNO GALEGO FINANCIA CON CASE UN MILLÓN DE EUROS A MELLORA DA AVENIDA DE MALPICA, EN CARBALLO



- ***A Consellería de Política Territorial financiará cun total de 907.000 euros as obras de acondicionamento e mellora da seguridade viaria do treito da estrada autonómica AC-416 ao seu paso polo núcleo de Carballo, mentres que o Concello achegará 240.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Carballo para acometer a mellora da avenida de Malpica.

Segundo o acordo que se asinará proximamente, a Consellería de Política Territorial financiará cun total de 907.000 euros as obras de acondicionamento e mellora da seguridade viaria do treito da estrada autonómica AC-416 (entre os puntos quilométricos 0 e 1,360) ao seu paso polo núcleo urbano de Carballo e que se denomina avenida de Malpica. As obras consistirán na mellora da pavimentación da avenida, a ampliación da calzada e a instalación de beirarrúas e aparcadoiros. Dado o carácter urbano deste treito, a actuación inclúe a renovación dos servizos urbanos (redes de abastecemento e de saneamento, tendido eléctrico, iluminación, ...) que presentan deficiencias e a súa extensión ás zonas que aínda non dispoñen deles.

Pola súa banda o Concello de Carballo comprométese a achegar os 240.000 euros restantes do financiamento da obra (cuxo orzamento total estimado se eleva a 1.150.000 euros) e ademais encargarse de poñer á disposición os terreos, tramitar as licenzas necesarias e contratar e executar as obras conforme o proxecto técnico realizado por Política Territorial. Unha vez concluídas as obras, o treito obxecto de reforma será transferido ao Concello de Carballo que, a partir dese momento, asumirá a explotación, mantemento e conservación da avenida de Malpica.

Así mesmo, o convenio autorizado hoxe tamén recolle unha cláusula específica pola que o Concello de Carballo acepta a transferencia da titularidade duns 120 metros da estrada Carballo-Buño (AC-414) que van desde o final da avenida de Malpica (AC-416) ata o enlace coa autovía A Coruña-Carballo (AG-55) e doutros 900 metros da estrada A Coruña-Cee (AC-552) desde o cruzamento coas rúas Emilia Pardo Bazán e Portugal ata o cruzamento coa rúa Río Anllóns, que pasan a ser de competencia municipal.

O acordo para a mellora da avenida de Malpica enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de acondicionar os contornos urbanos, incrementar a súa seguridade viaria e dotar as estradas de elementos para a circulación segura de condutores e peóns.

OS CONCELLOS DE GONDOMAR E NIGRÁN INCORPÓRANSE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DE GALICIA

- ***A día de hoxe hai 31 concellos adheridos á Axencia***



- ***Estes concellos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo***
- ***A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario***

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous convenios entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e os concellos de Gondomar e Nigrán (Pontevedra) para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral, polo que a día de hoxe hai un total de 31 concellos adheridos á Axencia.

A integración de Gondomar e Nigrán na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado cada un dos convenios de colaboración autorizados hoxe polo Consello e logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, os concellos adheridos delegan na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante se ingresará nas contas municipais.

Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do cal forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección,



supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.



A XUNTA E A ONCE COLABORAN NA ATENCIÓN EDUCATIVA NO ALUMNADO CON CEGUEIRA OU DEFICIENCIA VISUAL

▪ Favorecerase a inclusión educativa deste alumnado e garantirase a formación dos profesionais que atenden este colectivo

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas discapacitadas visuais. Así, neste acordo recóllese que a atención ao alumnado escolarizado en centros ordinarios, ás súas familias e aos centros educativos levarase a cabo a través dos servizos xerais de apoio á escola e dos equipos específicos.

Ao mesmo tempo, aprobouse o compromiso plurianual desde a entrada en vigor e ata o 31 de agosto de 2012 consistente no pagamento dos salarios de 6 profesores, pertencentes ao corpo de mestres, que serán adscritos pola Consellería de Educación, de acordo coa seguinte repartición: 2 na provincia da Coruña (ambos na cidade da Coruña), 1 na de Lugo, 1 na de Ourense e 2 na de Pontevedra (adscritos a Pontevedra e Vigo).

Os obxectivos deste convenio son os seguintes:

- desenvolver actividades conxuntas de atención educativa xeral e específica
- organizar e optimizar o emprego dos recursos de ambas as institucións
- garantir a adecuada atención ao alumnado con necesidades educativas específicas derivadas de discapacidade visual no relacionado coa valoración, escolarización e atención educativa ordinaria e específica
- estruturar os equipos específicos, como unidades funcionais, para a atención específica deste alumnado
- garantir o desenvolvemento da lexislación vixente e a formación dos profesionais que atenden ao alumnado con discapacidade visual.

Este acordo establece que, para favorecer a integración educativa das persoas cegas e deficientes visuais, a Consellería de Educación contará co asesoramento da ONCE. Así, esta organización comprométese a facer chegar ao equipo de asesores da Administración educativa autonómica suxestións e orientacións para a elaboración de normativas, directrices e documentos relacionados coa educación, co obxecto de que se recollen os aspectos específicos relacionados coas persoas cegas e deficientes visuais.

Ao abeiro deste convenio, as institucións asinantes velarán para que nos centros educativos onde se escolaricen alumnas e alumnos con cegueira ou deficiencia visual grave se garanta a dotación de recursos, tanto persoais como materiais, que dean resposta ás necesidades educativas específicas desta poboación. Neste sentido, con carácter xeral, corresponderá á Consellería de Educación a dotación de todo aquel material educativo que non sexa específico para a cegueira ou deficiencia visual, e á ONCE de todo o material específico preciso para adaptar os elementos de acceso ao currículo deste alumnado.



Ademais, a Administración educativa promoverá as medidas necesarias para que os centros educativos onde se atopen escolarizados estudantes cegos e deficientes visuais faciliten, antes da finalización do curso escolar, a listaxe de libros e materiais curriculares destinados a este alumnado, co fin de proceder á súa adaptación.

Inclusión educativa

Ao mesmo tempo, as institucións asinantes adoptan o criterio xeral de que a escolarización do alumnado con cegueira ou deficiencia visual se efectúe en réxime de inclusión nos centros educativos ordinarios, garantindo os apoios pertinentes para que a escolarización e a integración social se realicen de forma adecuada. Non obstante, cando as circunstancias o xustifiquen, poderá ditaminarse a escolarización nun centro escolar da ONCE.

No mesmo sentido, co fin de acadar a plena inclusión no proceso educativo e na sociedade do alumnado con necesidades educativas específicas e en particular no uso de produtos da sociedade da información, a Administración educativa velará por que os produtos e servizos que se teñen que utilizar na actividade escolar sexan accesibles na súa totalidade, garantindo así que o desenvolvemento tecnolóxico non exclúa do seu uso a ningunha alumna nin alumno pola súa discapacidade.

Ademais, no eido da información e formación de profesionais, as dúas institucións se comprometen a facilitar o acceso dos profesionais dos equipos específicos (que estarán compostos por persoal das dúas entidades asinantes) aos programas de formación ofertados pola ONCE.



OS GOBERNOS CENTRAL E AUTONÓMICO DESTINAN MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS PARA O PLAN DE APOIO Á IMPLANTACIÓN DA LOE NA COMUNIDADE GALEGA

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade galega que posibilitará mellorar as competencias do profesorado e do alumnado do ensino non universitario***
- ***Reforzase a formación do profesorado para facilitar a adecuación da práctica educativa ás novas materias dos currículos LOE, o programa PALE para o profesorado de linguas estranxeiras, os programas de mellora do éxito escolar e de diminución do abandono temperán da escolarización, así como o programa de apertura de centros fóra do horario lectivo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Comunidade galega para o Plan de apoio á implantación da Lei orgánica de educación (LOE). Este acordo, dotado cun investimento de 13.014.303 euros, avanza no funcionamento de varios programas, todos eles encamiñados a facilitar o desenvolvemento da Lei e á mellora das competencias do profesorado e do alumnado do ensino non universitario.

As accións obxecto deste convenio son as seguintes:

- un plan específico de formación do profesorado, centrado nas novidades e nos aspectos que puidesen presentar máis necesidade de adecuación á normativa
- o programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras para o profesorado (PALE)
- os programas para a mellora do éxito escolar, para estimular a diminución do abandono temperán da escolarización, e para a extensión e modificación do tempo escolar (programa de apertura de centros fóra do horario lectivo).

En virtude deste convenio, o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte transferirá á Comunidade galega no ano 2008 un total de 5.205.721 euros; achegará esta autonomía a contía de 7.808.582 euros con cargo ao exercicio 2009. O prazo de vixencia deste convenio finalizará o 31 de decembro de 2009.

Nesta liña, a Comunidade galega, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, destinará estes importes do seguinte xeito:

- 1.324.417 euros para programas de formación do profesorado en aspectos xerais da LOE
- 2.795.723 euros para programas de apoio á implantación da ensinanza e a aprendizaxe de linguas estranxeiras (PALE)
- 5.027.563 euros para programas de mellora do éxito escolar



- 2.236.260 euros para programas dirixidos a estimular a diminución do abandono temperán da escolarización
- 1.630.340 euros para programas dirixidos á extensión e modificación do tempo escolar.

Formación do profesorado

Dentro do programa de formación do profesorado, realizaranse actuacións de difusión e formación sobre as novas materias dos currículos LOE, accións para a reflexión sobre a práctica educativa e adecuación metodolóxica, e sobre a análise dos procesos de avaliación. Estas actividades desenvolveranse durante o curso 2008/09, e serán un total de 225 e ofertaranse desde a Consellería un total de 9.600 prazas de formación.

Ademais, no marco do programa PALE, 100 profesores de educación infantil, 150 profesores de educación primaria, 275 de secundaria e 120 auxiliares de conversa formaranse en linguas estranxeiras. As actividades que se desenvolverán comprenden un itinerario formativo con tres fases (curso intensivo da lingua en estudo, en horario escolar, con substitución do profesorado nos seus postos de traballo; unha estadía de tres semanas nun país cuxa lingua oficial sexa a que está sendo obxecto de estudo; e unha terceira fase centrada na didáctica da lingua estranxeira e na elaboración de traballos que poidan servir de modelo para outro profesorado); un itinerario formativo para o profesorado participante en seccións bilingües, que inclúe como novidade a participación nas actividades docentes en centros educativos do país de destino; estadias no estranxeiro; actividades de formación en Galicia; auxiliares de conversa para favorecer a expresión oral fluída e de calidade; dotación de material; e anticipación da ensinanza do inglés a partir dos tres anos.

Mellora do éxito escolar

O programa para a mellora do éxito escolar ten como obxectivo a mellora do rendemento académico do alumnado e, como consecuencia, propiciar o camiño de cara ao aumento de alumnos e alumnas titulados en educación secundaria obrigatoria (ESO). Así, preséntase con dúas accións complementarias: unha no seo dos centros educativos, co reforzo das materias instrumentais (linguas e matemáticas) e aquelas que veñen presentando un meirande grao de fracaso, para o que se seleccionarán 50 novos centros de educación primaria que se suman aos 100 que xa viñan funcionando ata agora; e, como complemento da fase anterior, a través dunha convocatoria da Administración educativa galega, realizaranse, en colaboración cos concellos, actividades complementarias fóra do horario escolar. Este programa recolle ademais a ampliación do número de equipos de orientación nos centros de educación primaria.

Ademais, este convenio permitirá avanzar no programa para estimular a diminución do abandono temperán da escolarización, reforzando accións dos departamentos de orientación tanto nos centros de educación secundaria como nos centros de educación para as persoas adultas que orienten, detecten e propoñan medidas adecuadas para solucionar os problemas de aprendizaxe así como vías de estudos acordes coas aptitudes e intereses do alumnado. Na mesma liña, este acordo posibilita o desenvolvemento do



programa para a extensión e modificación do tempo escolar (programa para a apertura de centros fóra do horario lectivo) no cal participan neste curso 168 concellos galegos que benefician a preto de 600 centros de ensino.



A XUNTA CREA UNHA UNIDADE DE APOIO A NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES

- ***Destinaranse 1,04 millóns de euros para pór en marcha CAPITA e financiar as súas actuacións no período 2008-2011***
- ***A Unidade apoiará iniciativas empresariais tecnoloxicamente avanzadas cun modelo de proximidade e facilitando a comunicación entre todos os axentes***

A Xunta destinará un total de 1.038.143 euros á posta en marcha de CAPITA (Unidade de Apoio a Novos Proxectos Empresariais Innovadores), unha unidade para a identificación e o apoio de iniciativas empresariais innovadoras. A nova unidade articularase a través do Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (CESGA) mediante un convenio cuxa sinatura autorizou esta mañá o Consello da Xunta.

CAPITA será o centro dun sistema de apoio á innovación empresarial galega baseándose nun enfoque de proximidade e distribución territorial. A Unidade facilitará a comunicación entre as empresas e os diferentes axentes no ámbito da innovación e promoverá iniciativas innovadoras mediante a captación, o diagnóstico, a planificación e o apoio á implantación de proxectos innovadores. Articularase en torno a dous eixos: a identificación de iniciativas innovadoras e a coordinación de recursos públicos e privados para darlles soporte en proxectos concretos que pasen a integrarse finalmente nos procesos da empresa ou sexan comercializados no mercado.

A iniciativa parte da Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+i, que conta coa colaboración no deseño, na organización e no desenvolvemento de CAPITA do CESGA, da Tecnópole, da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, da Fundación EOI, da Confederación de Empresarios de Galicia, das cámaras de comercio e doutras entidades representativas dos sectores socioecómicos implicados.

Aplicación das tecnoloxías á empresa

O CESGA, e especificamente o departamento de e-Business, contan con experiencia no eido da aplicación das tecnoloxías da información e das comunicacións á innovación empresarial, ámbito a que se dirixe CAPITA. Este departamento vén participando en proxectos nacionais e europeos sobre innovación, tecnoloxía e empresa.

O coñecemento do CESGA neste ámbito aplicarase nas ferramentas metodolóxicas e tecnolóxicas que CAPITA porá á disposición dos usuarios do seu sistema para o achegamento entre eles e o intercambio de información. Estras ferramentas serán capaces de extraer información dos fluxos de intercambio e doutros procesos do sistema, permitindo unha análise detallada que poida contribuír ao perfeccionamento das accións de CAPITA.

Persoal, equipamento e ferramentas



O orzamento do convenio está destinado a gastos de persoal tanto propio como contratado, a equipamento informático e software, a mobiliario, a desprazamentos e ao financiamento de colaboracións externas para o desenvolvemento de ferramentas como unha páxina web, aplicacións para o Rexistro de Axentes Privados de Innovación ou para a diagnose e avaliación de proxectos, etc.

A creación de CAPITA encádrase no Programa de Innovación Empresarial do Plan Galego de I+D+i 2006 – 2010 (INCITE), que comprende as accións e os instrumentos destinados a incrementar a competitividade das empresas galegas mediante o estímulo da innovación en todos os procesos da empresa. Este programa pretende facilitar a implantación de determinadas ferramentas que, como CAPITA, contribúen a incrementar e obter rendibilidade e eficiencia innovadora.



A XUNTA INVESTIRÁ 10 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE EXCELENCIA EN ELECTRÓNICA PARA VEHÍCULOS INTELIXENTES

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería de Innovación e Industria e a Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia para a construción da primeira fase do futuro centro***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre a Consellería de Innovación e industria e a Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia para a construción das instalacións do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes. Este acordo supón un investimento de 10 millóns de euros por parte da Consellería de Innovación e Industria que, á súa vez, recibiu este importe do antigo Ministerio de Educación e Ciencia a través dun préstamo reembolsable.

O Centro de Excelencia complementará o Centro de Automoción de Galicia e terá como obxectivo fundamental conformar un sistema integral de investigación, desenvolvemento e validación de sistemas e vehículos intelixentes que englobe todas as infraestruturas necesarias para poder dar resposta ás futuras necesidades do sector. O centro fomentará a I+D de calidade, a formación de especialistas na área da electrónica para automoción e a creación de empresas de base tecnolóxica “spin-off”. Contribuirá igualmente a xerar patentes e procedementos tecnolóxicos innovadores que beneficien o tecido industrial e potenciará a transferencia tecnolóxica ao sector empresarial.

Este Centro quedará englobado dentro do Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e constará de varios edificios con diferentes usos. O novo Centro de Excelencia pretende erixirse nun centro de referencia no ámbito europeo no eido da investigación e o desenvolvemento de sistemas electrónicos para vehículos intelixentes, contribuíndo á consolidación dun polo de competencia en automoción a nivel mundial en Galicia. Actualmente, non existe no ámbito estatal nin europeo unha infraestrutura agrupada dedicada de forma global á “Electrónica para Vehículos Intelixentes”. Para desenvolver a súa actividade, o centro dotarase dunha serie de laboratorios e instalacións singulares.

A Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción de Galicia será a encargada da súa construción. Ata decembro de 2010 levaranse a cabo accións e investimentos relacionados coa primeira fase de construción de instalacións de investigación, desenvolvemento e validación de sistemas do Centro de Excelencia en Electrónica para Vehículos Intelixentes, dos cales, no marco do convenio, se van financiar custos por un importe global de 10 millóns de euros. En concreto, 3 millóns serán para a adquisición de terreo, 1,54 millóns para o seu acondicionamento e urbanización, 3,36 millóns para a construción e 2,1 millóns para as instalacións.



Articulación do sistema galego de I+D+i

O Plan galego de I+D+i 2006-2010 (incite), no marco do seu obxectivo prioritario de vertebración do Sistema Galego de Innovación, define o papel dos centros tecnolóxicos como os axentes dinamizadores da transferencia de tecnoloxía por excelencia e os principais xeradores de innovación nos seus sectores de referencia, actuando como departamentos de I+D do sector empresarial.

A política da Consellería de Innovación e Industria a respecto dos centros tecnolóxicos artículase en dúas liñas de actuación: por un lado, a creación de centros tecnolóxicos en sectores estratéxicos para Galicia e, por outro lado, a internacionalización dos centros existentes, a través de fortes investimentos en infraestruturas científico-tecnolóxicas. Este último é o caso do futuro Centro de Excelencia en Electrónica Aplicada, no cal a Consellería de Innovación e Industria investirá inicialmente eses 10 millóns de euros para executar a primeira fase da súa construción.



O GOBERNO GALEGO FINANCIA OS MÁSTERS DE COMERCIO EXTERIOR E XESTIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS DE MODA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

▪ A Xunta achega 156.000 euros para o desenvolvemento de ambos os másters

A Consellería de Innovación e Industria colaborará coa Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento da XVIII edición do Máster de dirección e xestión do comercio exterior, e da IV edición do Máster en xestión e dirección de empresas de moda. O departamento autonómico achegará en total 156.000 euros para financiar ambos os másters nas anualidades de 2008 e 2009, gasto que autorizou o Consello da Xunta na súa reunión de hoxe.

No caso do primeiro máster, a Consellería de Innovación e Industria considera como un factor estratéxico fundamental a formación en comercio exterior para mellorar a posición competitiva das empresas galegas, que requiren con maior premura un equipo humano capacitado e preparado para operar con garantías de éxito nos mercados internacionais.

A consellería colaborará tamén na organización do Máster de xestión e dirección de empresas de moda porque aumentará a competitividade dos recursos humanos das empresas do país dotándoas do grao de especialización e capacidade necesaria para permitir que o sector téxtil continúe coa gran forza acadada nos últimos anos, converténdose nun dos sectores con máis algo valor engadido da industria galega.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS Á REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE DIAGNOSE DE ENFERMIDADES DOS ANIMAIS SOMETIDOS A PROGRAMAS OFICIAIS DE CONTROL E ERRADICACIÓN

- ***A empresa Tragsega será a encargada de realizar a campaña de saneamento gandeiro, segundo acordou o Consello da Xunta***
- ***O obxectivo é lograr un gando saneado, xa que isto repercute directamente na mellora da calidade da produción e da renda dos titulares das explotacións***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a encomendarlle á empresa Tragsega (Empresa de Sanidade Animal e Servizos Gandeiros, S.A.) -filial de TRAGSA- a realización dos traballos de diagnose de enfermidades dos animais sometidos a programas oficiais de control e erradicación durante o ano 2009. Para a realización desta campaña realizarase un investimento superior aos 13 millóns de euros.

A Consellería do Medio Rural considera estratéxico para o sector agrogandeiro galego manter o status de sanidade animal acadado polo noso gando, polo que procede a realizar un ano máis a campaña de saneamento e detección daquelas patoloxías que son obxecto destes programas de erradicación, entre as que se atopan a tuberculose, a brucelose, as encefalopatías esponxiformes transmisibles, a enfermidade de Aujeszky, a lingua azul e a gripe aviaria.

A organización dos traballos encomendados, que teñen como prazo de execución todo o ano 2009, realízase logo do recoñecemento e identificación das explotacións dos animais que son obxecto destes controis, para o que se fai necesaria a correlación coas bases de datos existentes. Así mesmo, realízanse probas de diagnóstico in situ nas explotacións e toma de mostras que logo son entregadas aos laboratorios para facer as análises oportunas.



O GOBERNO GALEGO ENCOMÉNDALLE Á EMPRESA PÚBLICA SEAGA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE IDENTIFICACIÓN ANIMAL, RASTREXABILIDADE E HIXIENE DAS PRODUCCIÓNS GANDEIRAS

- ***Segundo acordou hoxe o Consello da Xunta, Medio Rural destinará 7.235.865 euros á identificación animal, rastrexabilidade e hixiene das producións gandeiras***

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a encomendarlle á empresa pública Seaga a realización dos traballos de identificación animal, rastrexabilidade e hixiene das producións gandeiras durante o ano 2009 para o que dispón dun orzamento superior aos 7 millóns de euros. Medio Rural pretende manter actualizada unha base de datos na cal se rexistren as explotacións gandeiras e os animais, así como os seus movementos.

Para manter esta información operativa e actualizada en todo momento é precisa a identificación previa dos animais cando nacen nunha explotación e o rexistro dos seus datos cando saen e en cada movemento que realicen.

O contido dos traballos que se van realizar abrangue a organización e execución dun sistema para identificación individual de animais das especies bovina, ovina, cabrúa e equina. A execución da identificación supón, ademais da aplicación física das marcas identificativas sobre os animais, a recollida de datos dos animais identificados, dos incorporados e saídos e doutros datos necesarios para a actualización do rexistro xeral de explotacións gandeiras e a súa transmisión á base de datos oficial da Consellería do Medio Rural. Inclúe tamén a asistencia aos produtores en materia de sanidade animal e verificación das condicións de hixiene e rastrexabilidade das producións gandeiras, así como a participación na rede de epidemioxilancia en colaboración cos servizos veterinarios oficiais.



A XUNTA PROSEGUE OS PLANS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS VITIVINÍCOLAS E DE DINAMIZACIÓN DA BASE PRODUTIVA, CUN INVESTIMENTO SUPERIOR AOS 3 MILLÓNS DE EUROS

- ***Executaranse novas obras de acondicionamento de camiños para o acceso a viñedos por valor de 1.730.219 euros, así como outras relacionadas con melloras da rede viaria agraria e instalación de servizos básicos enmarcadas en diversos programas de infraestruturas, cun orzamento total de 1.287.880 euros***
- ***En total, segundo acordou hoxe o Consello da Xunta, investiranse 3.018.099 euros nesta fase***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de diversos convenios de colaboración para continuar cos plans de mellora de infraestruturas vitivinícolas e de dinamización da base produtiva nos concellos galegos, traballos a que se destinarán máis de 3 millóns de euros nesta fase. En concreto, executaranse obras de acondicionamento de camiños para o acceso a viñedos por valor de 1.730.219 euros, así como outras relacionadas con melloras da rede viaria agraria e instalación de servizos básicos, enmarcadas en diversos programas de infraestruturas, cun orzamento total de 1.287.880 euros.

Os plans de melloras das infraestruturas vitivinícolas no Ribeiro, Ribeira Sacra e Monterrei abranguen puntos estratéxicos de infraestruturas, capital humano, superficie territorial, variedade dos viñedos e modernización das explotacións. Os obxectivos que perseguen consisten en dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación mediante a dotación equipamentos básicos e de infraestruturas no medio rural que permitan a mecanización da produción nunha zona de elevadas dificultades e que serán destinadas a apoiar o sector vitivinícola consolidado e con proxección de futuro modernizando as explotacións e consolidando as existentes para favorecer o relevo xeracional no sector.

Nesta quenda, investiranse 179.347 euros no Concello de Chantada, enmarcados no Plan de mellora das infraestruturas vitivinícolas da Ribeira Sacra; 1.127.409 euros en Castrelo de Miño, no marco do Plan de melloras das infraestruturas viarias no Ribeiro; e 423.463 euros en Cualedro, Laza, Riós e Vilardevós, correspondentes ao Plan de melloras das infraestruturas viarias na denominación de orixe Monterrei.

Outras infraestruturas

Ademais, acordouse investir 739.396 euros nos concellos de Moeche, O Saviñao e Carballeda de Valdeorras, de acordo co Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM-Feader) e 548.484 euros nos concellos de Corcubión, Mugar dos e Allariz, inseridos no Plan de Infraestruturas Rurais 2008 (PIR-FP).

No referente a estes proxectos de infraestruturas no medio rural, son os concellos quen determinan as actuacións, en base a contribuír a dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e apoiar a fixación de poboación, con actuacións de obras de infraestrutura básica para abastecemento de auga, infraestruturas de saneamento e depuración de augas, creación e mellora da rede viaria agraria e rural e



outros servizos básicos elementais necesarios para o desenvolvemento rural e a súa base produtiva.



DECLARADA A PREVALENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DA LIÑA ELÉCTRICA SOBRE A COMUNIDADE DE MONTES DE OLEIROS, EN RIBEIRA

O Consello da Xunta autorizou o acordo da Consellería do Medio Rural polo que se declara a prevalencia de utilidade pública do proxecto de execución da liña de media tensión, centro de transformación e rede de baixa tensión no concello de Ribeira (A Coruña), sobre a do monte veciñal en man común Lixó, pertencente á comunidade de Oleiros.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe favorable da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lle comunicase o expediente ás comunidades afectadas sen que se efectuasen alegacións. Así, emitíuse un informe favorable da prevalencia de utilidade pública do proxecto sobre o uso propio do monte, cunha superficie de afección de 3.264 m² na comunidade de montes de Oleiros, no Concello de Ribeira.

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo para a aprobación de proxectos de instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento. A Lei do Sector Eléctrico declara de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, aos efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento.



A XUNTA DESTINA MÁIS DE 230.000 EUROS A MELLORAR A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS GALEGOS CON DENOMINACIÓN DE CALIDADE AGROALIMENTARIA

- ***A Consellería do Medio Rural acordou a concesión de axudas destinadas aos consellos reguladores das denominacións de calidade agroalimentaria recoñecidas en Galicia, co obxectivo de promover os produtos amparados polas indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe***
- ***A contía e repartición desta achega económica de 230.111 euros foi aprobada hoxe polo Consello da Xunta***

A Consellería do Medio Rural contribuirá á promoción dos produtos galegos de calidade cunha achega económica de 230.111 euros, que se engade aos 808.000 euros que xa percibiron con anterioridade os consellos reguladores para 2008. Así o decidiu hoxe o Consello da Xunta, que acordou a concesión de axudas destinadas aos consellos reguladores das denominacións de calidade agroalimentaria recoñecidas en Galicia. O obxectivo que persegue esta iniciativa é a defensa e a promoción daqueles produtos agroalimentarios con características diferenciadoras pola súa orixe xeográfica e cuxa calidade resulta positiva para o desenvolvemento rural, e especialmente, para as zonas menos favorecidas, ao contribuír a asegurar a renda dos agricultores e gandeiros, así como á fixación da poboación rural nesas zonas.

A distribución das axudas realizarase de acordo co exposto no seguinte cadro:

▪ C.R.D.O. RIBEIRO.....	23.873 euros
▪ C.R.D.O. VALDEORRAS.....	23.873 euros
▪ C.R.D.O. RÍAS BAIXAS	23.873 euros
▪ C.R.D.O. MONTERREI	9.000 euros
▪ C.R.D.O. RIBEIRA SACRA.....	23.873 euros
▪ C.R. das D.X. das augardentes e licores tradicionais	9.000 euros
▪ C.R.I.X.P. TERNERA GALLEGA.....	23.873 euros
▪ C.R.I.X.P. LACÓN GALEGO.....	9.000 euros
▪ C.R.I.X.P. PATACA DE GALICIA.....	9.000 euros
▪ C.R.I.X.P. MEL DE GALICIA.....	9.000 euros
▪ C.R.I.X.P. PAN DE CEA.....	9.000 euros
▪ C.R.D.O.P. QUEIXO TETILLA.....	23.873 euros
▪ C.R.D.O. ARZÚA-ULLOA.....	9.000 euros
▪ C.R. AGRICULTURA ECOLÓXICA DE GALICIA.....	23.873 euros



XUNTA E MINISTERIO DE FOMENTO INVESTIRÁN MÁIS DUN MILLÓN E MEDIO DE EUROS NO MOSTEIRO DE MELÓN (OURENSE) PARA FACELO VISITABLE

- *As obras centraranse na consolidación das estruturas do mosteiro que se encontran nun avanzado estado de deterioración*
- *O director xeral de Patrimonio Cultural, Felipe Arias, asinará o convenio coa ministra de Fomento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e de Deporte e o Ministerio de Fomento por valor dun total de 1.639.686 euros para converter en monumento visitable o Mosteiro de Santa María de Melón, en Ourense, declarado ben de interese cultural coa categoría de monumento.

Neste convenio, que subscribirá o director xeral de Patrimonio Cultural, Felipe Arias, e a ministra de Fomento, Magdalena Álvarez, o departamento galego comprométese a achegar o 40 por cento do orzamento total (693.458 euros) mentres que o Goberno estatal asume o 60 por cento restante (946.277 euros) a cargo do 1 por cento cultural.

As obras, que se desenvolverán en 2009 e 2010, céntranse na consolidación estrutural do cenobio, moi deteriorado na actualidade. O mosteiro atópase en estado de abandono, invadido pola maleza e con pezas arquitectónicas espalladas polo chan do recinto. Con esta actuación de tipo global quérese dotar de estabilidade a construción, de maneira que sexa posible a visita das súas dependencias mediante un percorrido guiado en que estean garantidas as condicións de seguridade. Entre estes traballos de consolidación destaca o remonte do claustro, actualmente derruído.

Un esplendor pasado

As orixes deste templo, ligado á orde do cister, son confusas pero xa no século XII existe constancia da labor de protección de Fernando II sobre este mosteiro. O monarca realiza diversas doazóns e exímeo do pagamento de certos impostos. Este favor real converteríao nun dos mosteiros con maior poder e propiedades de Galicia.

A súa época esplendorosa chegaría ao seu fin no século XVIII, a partir do cal comezaría un longo período de declive e chegou a sufrir ataques durante a Guerra Carlista e a Guerra da Independencia. No século XIX agudizouse a deterioración do templo e o abandono lévao ao derrubamento da bóveda central e á paulatina desaparición dos claustros.



A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 13 MILLÓNS DE EUROS NO 2009 PARA O CONCERTO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O HOSPITAL JUAN CARDONA DE FERROL

- ***Os servizos prestados polo Hospital Juan Cardona son de recoñecido beneficio para a poboación da comarca de Ferrol***
- ***A Xunta tamén destinará no ano 2009 máis de dous millóns de euros para as actividades desenvolvidas pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica***

O Servizo Galego de Saúde vai destinar 13.477.887 euros no 2009 para o Hospital General Juan Cardona de Ferrol. Este investimento, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, ten por finalidade a prestación de servizos sanitarios a beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde.

Esta achega económica farase a través da sinatura da prórroga ao concerto vixente de abril de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol*, para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

Preténdese así, con esta medida, dar continuidade á prestación para os usuarios do Servizo Galego de Saúde que teñen como referencia este centro asistencial, dado que os servizos prestados polo Hospital Juan Cardona son de recoñecido beneficio para a poboación da comarca de Ferrol.

Medicina xenómica

Así mesmo, o Executivo galego autorizou hoxe o acordo polo que se prorroga o contrato-programa asinado en xaneiro de 2005 entre o Servizo Galego de Saúde e a *Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica* para a prestación de servizos de asistencia sanitaria, así como outras actividades complementarias ou de apoio á atención sanitaria. O orzamento previsto para este acordo no ano 2009 será de 2.074.000 euros.



O GOBERNO GALEGO AVANZA NA APLICACIÓN DO PACTO LOCAL E ASUMIRÁ OS GASTOS DE MANTEMENTO DOS FUTUROS CENTROS DE SAÚDE DE VILAMARÍN E DE TOÉN, AO CEDER OS CONCELLOS A TITULARIDADE AO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***A construción destes dous novos centros de saúde en Ourense supón un investimento superior aos 1.191.426 euros por parte do Servizo Galego de Saúde***

O Consello da Xunta aceptou hoxe a cesión da titularidade de dúas parcelas nos concellos ourensáns de Toén e de Vilamarín nas cales se están a construír centros de saúde de próxima apertura. Deste xeito, o Goberno galego dá un paso máis na aplicación do pacto local ao asumir os gastos de mantemento destes dous centros desde o primeiro momento.

Actualmente os gastos de mantemento de 269 centros de saúde corren por conta dos concellos. A Consellería de Sanidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) teñen previsto subscribir un convenio marco que regule a cesión da titularidade destes centros en favor do Servizo Galego de Saúde. Será a partir dese momento, cando a sanidade pública galega pasará a asumir estes gastos.

Para proceder á súa cesión, ambos os dous concellos deberon documentar a titularidade os terreos e acadar o acordo, por votación favorable da maioría absoluta do número legal de membros do pleno da Corporación, segundo o establecido no Regulamento de bens das entidades locais. Esta cesión pasa directamente ao Servizo Galego de Saúde xa que a lexislación establece que poderá adquirir por si mesmo bens inmoables e dereitos a título gratuito, logo de autorización do Consello.

Os novos centros sanitarios de Toén e Vilamarín, incluídos no Plan director de infraestruturas sanitarias para Galicia 2008-2013, supoñen un investimento superior ao millón de euros por parte do Servizo Galego de Saúde, en concreto, 602.140 euros no caso de Toén, e 589.286 Vilamarín.

As novas infraestruturas permitirán mellorar a accesibilidade, funcionalidade e resolución das demandas asistenciais de ambos os dous concellos, e especialmente as adscritas ao programa da muller, para o que os novos dispositivos contarán cunha consulta específica que, equipada do material e dotación necesaria, permitirá a realización de exploracións xinecolóxicas e ampliar as prestacións deste completo programa que permite unha visión global e integradora do coidado da saúde feminina. Xunto a isto, as novas infraestruturas estarán plenamente informatizadas o que facilitará a implantación da medición capilar do tratamento de anticoagulación oral (*sintrón*).



Novo Centro de Saúde de Toén

O novo centro, xa practicamente rematado estase a construír nun predio de 1.558 metros cadrados no núcleo rural de Toén. Ten unha superficie útil total de 520,49 metros cadrados, distribuída en dous andares -unidos por ascensor-, de 378,79 e 141,70 metros cadrados, conta con tres consultas de medicina xeral, consulta de enfermería, sala de espera, sala polivalente, consulta do programa da muller, área de admisión, arquivo de historias clínicas, almacén de material, sala de caldeiras, ascensor, oficinas, sala de xuntas e biblioteca e aseos.

O centro de saúde de Toén ofrece na actualidade servizos sanitarios básicos a unha poboación de 1.905 usuarios e usuarias, deles 708 maiores de 64 anos e 96 menores de 14; para isto, esta Unidade de Atención Primaria conta cun cadro de persoal composto por dous médicos, enfermeira e persoal de servizos xerais.

Centro de Saúde de Vilamarín

Pola súa banda, as novas instalacións do centro de saúde de Vilamarín estanse construíndo no soar de 1.650 metros cadrados que vén de ser cedido polo concello, xunto á actual Casa do Concello, polo que mellorará a accesibilidade dos seus usuarios con respecto ao centro de saúde actual.

Ao remate das obras, xa moi avanzadas, o novo centro de saúde de Vilamarín contará cunha superficie útil superior aos 450 metros cadrados, dun único andar, distribuído en dúas consultas de medicina xeral, unha de enfermaría, unha polivalente, unha destinada a acoller o programa da muller e amplas zonas de espera para seus usuarios.



PRORROGADO ATA FINAIS DE XUÑO DE 2009 O PLAN DE RECUPERACIÓN DA RÍA DO BURGO QUE DESENVOLVEN OS MARISCADORES A PÉ E DESDE EMBARCACIÓN DA CORUÑA

- ***Estas actuacións forman parte das medidas que impulsa a Xunta para evitar as consecuencias da inactividade das zonas de produción pola súa catalogación como zona C, o que lles impide a venda en fresco dos moluscos que extraen da ría***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dúas addendas que permitirán prorrogar os convenios de colaboración polos cales se rexe o Plan de recuperación produtiva da ría do Burgo e que desenvolven os mariscadores a pé e desde embarcación da confraría de pescadores da Coruña. Estas actuacións suporán a achega de algo máis de 1,1 millóns de euros por parte da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, cifra que permitirá prolongar os protocolos actuais ata finais de xuño de 2009.

Este plan de traballo forma parte das medidas que está a impulsar a Administración pesqueira galega para evitar ou paliar as consecuencias da inactividade dos bancos marisqueiros e que afectan aos profesionais do mar en varias rías galegas pola catalogación das súas áreas de produción como zona C. Esta clasificación impídelles comercializar en fresco os moluscos extraídos e a venda para a transformación apenas lles resulta rendible.

Así, por unha banda, o Consello deu o seu visto e prace á sinatura da terceira addenda pola cal prorroga o convenio de colaboración asinado en marzo de 2007 entre a Consellería de Pesca e a Confraría de Pescadores da Coruña para a execución do Plan de recuperación produtiva da Ría do Burgo, que levan a cabo os profesionais do mar con permiso de explotación para marisqueo a pé asociados a este pósito. Así, a vixencia do protocolo, fixada para o 31 de decembro deste ano, esténdese ata o 30 de xuño de 2009 e supón a achega de 680.826,21 euros.

A ampliación do protocolo por seis meses máis débese á imposibilidade actual de vender en fresco os moluscos bivalvos extraídos na Ría do Burgo pola súa catalogación como zona C, o que comporta a ausencia de actividade marisqueira nesta zona. De cara a paliar os efectos desta inactividade, a Consellería asinou coa confraría un convenio en marzo de 2007 e subscribiuse un novo documento a finais dese mesmo exercicio e unha nova addenda a mediados deste ano.

Coa execución deste plan perséguese manter os bancos do intermareal en condicións axeitadas para a captación do recrutamento das especies de bivalvos comerciais explotados nesta zona e para o desenvolvemento destas poboacións; incrementar a capacidade produtiva das áreas de produción do intermareal, evitar a actuación impune dos furtivos coa presenza dos profesionais na ría, así como potenciar a profesionalización do colectivo de mariscadores a pé por medio de accións formativas. Nos labores necesarios para conseguir estes obxectivos participan os titulares de permiso de



explotación de marisqueo a pé asociados á Confraría de Pescadores da Coruña, de xeito voluntario, e o pósito é o encargado da coordinación e control do desenvolvemento destas tarefas, baixo a supervisión dos técnicos e biólogos da Consellería de Pesca.

Continuación do plan de traballo dos mariscadores desde embarcación da Coruña

Por outra parte, no caso dos mariscadores desde embarcación da Confraría de Pescadores da Coruña, o Goberno galego acordou autorizar a sinatura dunha segunda addenda para prorrogar o convenio suscrito en decembro do ano pasado coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para a execución do Plan de recuperación produtiva da Ría do Burgo e que levan a cabo os profesionais con permiso de explotación para marisqueo desde embarcación que pertencen ao pósito coruñés.

Deste xeito, a vixencia do devandito protocolo, que está fixada ata o 31 de decembro deste ano, prolongarase ata o 30 de xuño de 2009 e suporá a achega de 457.014,24 euros. Como contrapartida, os mariscadores desde embarcación realizarán tarefas consistentes na limpeza, acondicionamento e rexeneración dos bancos marisqueiros, traslados de semente de moluscos a zonas de boa fixación e crecemento, e accións formativas para a mellora da capacidade profesional e organizativa deste colectivo. Pola súa parte, o pósito será o que coordine e controle a distribución e realización dos traballos, sempre baixo a supervisión dos técnicos designados pola Consellería de Pesca.

Coa continuación desta actuación quérese mellorar a calidade dos bancos do infralitoral desta ría, incrementar a superficie produtivas destas zonas de produción, manter o substrato en condicións axeitadas para o desenvolvemento dos recursos marisqueiros e potenciar a profesionalización dos mariscadores e mariñeiros coruñeses.

Estas prórrogas veñen derivadas de que, á vista dos resultados do seguimento da calidade das augas nos últimos meses, non se espera que as condicións microbiolóxicas dos bancos marisqueiros desta zona melloren sensiblemente a curto prazo, e prevese que se manteña a situación actual polo menos durante o primeiro semestre de 2009.

No caso de ambas as dúas addendas establécese que os convenios suscritos con ambos colectivos poderán ser prorrogados se así se estima necesario por parte da Consellería de Pesca. Agora ben, poderán quedar sen efecto se se fai efectivo o cambio de clasificación de C a B nestas áreas de produción antes do 30 de xuño de 2009.



A XUNTA AUTORIZA UN AXUSTE DO GASTO PLURIANUAL PARA BOLSAS DE FORMACIÓN DE PERSOAL ESPECIALISTA EN INVESTIGACIÓN MARIÑA

- ***O Goberno galego destinará un total de 105.462,00 euros a estas axudas, repartidos nas anualidades 2008, 2009 e 2010***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un axuste de anualidades do compromiso de gasto plurianual das bolsas para a formación de persoal en temas de investigación mariña, correspondentes ao programa de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (PGIDIT) do Goberno galego. Esta modificación obedece ao feito de que o comezo das bolsas foi posterior ao momento previsto, polo que é preciso incrementar o orzamento de 2010 en 7.588,20 euros con cargo ao crédito non empregado no exercicio 2008 co obxectivo de non aumentar o importe total autorizado inicialmente.

Para a concesión destas axudas de formación, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos achega un total de 105.462 euros, repartidos entre as anualidades 2008, 2009 e 2010. Así se recolle na Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se aproban as bases que rexen esta convocatoria, na cal tamén se especifica que se trata de tres bolsas destinadas a titulados superiores universitarios. As devanditas subvencións son para a realización de teses de doutoramento nos seguintes proxectos: *“Estudo da presenza de tumores en solénidos. Posible orixe. Aspectos biolóxicos e xenéticos”*; *“Estudo do stock das poboacións de vieira *Pecten maximus* nas rías galegas”*, e *“Estudo da perkinsose no litoral español: caracterización de variantes taxonómicas do parasito, do seu ciclo de vida e da resposta inmunitaria do hóspede”*.

O Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, en que se enmarcan estas tres bolsas, foi creado polo Goberno galego coa finalidade de fomentar a investigación científica e o desenvolvemento e innovación tecnolóxica de cara a promover o desenvolvemento económico, social e produtivo de Galicia. O PGIDIT está integrado por liñas de actuación xerais, sectoriais e horizontais. Dentro das horizontais figura o programa de recursos humanos, destinado a incrementar o persoal dedicado a actividades de I+D+i, tanto en número como en especialización. Así mesmo, nas liñas de actuación sectoriais atópase un programa dedicado aos recursos mariños, que ten como propósito actuar sobre dúas áreas fundamentais neste eido: a pesca e a acuicultura, que cada vez exixen unha maior presenza de persoal con altos niveis de formación e experiencia.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 900.000 EUROS Á EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO SANEAMENTO DO MUNICIPIO CORUÑÉS DE CORCUBIÓN

- *O proxecto, que ten un prazo de execución de seis meses, permitirá a separación da rede de augas residuais e pluviais en varias rúas da zona histórica de Corcubión*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de Medio Ambiente para esta actuación*

A Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, destinará 917.506 euros á execución da primeira fase do saneamento no municipio coruñés de Corcubión. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración económica e técnica entre a administración autonómica e a local para acometer o proxecto.

As obras consistirán na construción dunha rede de saneamento separativa, coa cal se dotará de redes de augas residuais e pluviais a varias rúas da zona histórica do concello. O saneamento de pluviais comprende un total de tres colectores e outros tres o de residuais. O proxecto inclúe a canalización soterrada das redes de electricidade e a reposición dos servizos e pavimentos afectados polas obras.

O prazo de execución do proxecto é de seis meses e o financiamento realizarase con cargo aos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente do vindeiro ano 2009.



A XUNTA INVISTE 558.000 EUROS EN OBRAS HIDRÁULICAS NA PARROQUIA DE PALMÉS (OURENSE)

O Goberno galego investirá 558.022 euros en obras hidráulicas na parroquia de Palmés, no concello de Ourense, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración técnica e económica entre o Goberno autonómico e a administración local.

As obras permitirán dotar de abastecemento e saneamento varias zonas da parroquia de Palmés e outros núcleos (Outeiro e A Burata) que carecen deste servizo. Así mesmo procederase á clausura dos pozos negros e fosas sépticas empregadas ata o de agora polos veciños, mellorando así a súa calidade de vida.

A nova rede de saneamento estará formada por 361 metros de tubaxes de pvc e de 670 metros de tubaxe de fundición. A rede de abastecemento disporá de 390 metros de tubaxe de PEAD. O proxecto tamén recolle o derrubamento e posterior montaxe manual dun muro de pedra, así como a reposición dos servizos e pavimento afectados polas obras.

O proxecto, que será financiado na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, ten un prazo de execución de oito meses.



O GOBERNO GALEGO ACOMETERÁ A CUARTA FASE DO SANEAMENTO DAS PARROQUIAS DE AREAS, ARNOSO E XINZO, NO CONCELLO DE PONTEAREAS, CUN INVESTIMENTO DE 800.000 EUROS

- *As obras beneficiarán os núcleos de Sobral, Barreira, Moledo, Parada, Outeiriño, Eidos, O Covelo, A Gándara, Outeiro e Ganade, distribuídos entre as parroquias de Areas, Arnoso e Xinzo*
- *O proxecto tamén prevé a instalación de colectores ao longo da estrada N-120*
- *O consello autorizou hoxe o investimento para esta actuación, que ten un prazo para a súa execución de oito meses*

A Xunta, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, acometerá a cuarta fase das obras de saneamento nas parroquias de Areas, Arnoso e Xinzo, no concello pontevedrés de Ponteareas, cun investimento de 800.000 euros. O Consello autorizou hoxe o investimento para a execución destas obras, que beneficiarán varios núcleos destas tres parroquias, e que contan cun prazo de execución de oito meses.

O proxecto recolle a construción da rede de saneamento aos núcleos de Sobral, Barreira, Moledo, Parada, Outeiriño, Eidos, O Covelo, A Gándara, Outeiro e Ganade, distribuídos entre as parroquias de Areas, Arnoso e Xinzo, e a instalación de colectores lineais ao longo da estrada N-120.

Así, nos núcleos de Sobral, Barreira e Moledo completárase a rede por gravidade con 1.252 metros de tubaxe; en Parada proxéctase un treito de 828 metros de tubaxe ata chegar á N-120, e outros 743 metros desde alí. En Outeiriño está previsto completar a rede actual con 1.247 metros de tubaxe ata enlazar coa rede existente na outra marxe do río. En Eidos completárase a rede actual con 966 metros de tubaxe, que se suman aos 697 que se instalarán no Covelo. Na Gándara, Outeiro e a N-120 instalaranse máis de 600 metros de tubaxe, en Ganade executarase unha rede de máis de 3.000 metros ata enlazar co colector xeral, no contorno da estación depuradora.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financiará a totalidade das obras, cun investimento de 800.000 euros, con cargo aos orzamentos do 2009.



A XUNTA INVISTE 1,8 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA DEPURADORA DE CAMELLE, EN CAMARIÑAS (A CORUÑA), UNHA DAS EDARES INCLUÍDAS NO PLAN DE SANEAMENTO DAS RÍAS DE GALICIA

- *O proxecto inclúe a instalación da rede de colectores e bombeos e a construción dunha depuradora para 3.700 habitantes*
- *A EDAR depurará as augas procedentes dos núcleos de Camelle e Arou*
- *O Consello autorizou hoxe o investimento para acometer a obra, que ten un prazo de execución de dez meses*
- *A de Camelle é unha das 40 novas depuradoras proxectadas no marco do Plan de saneamento de Galicia*
- *Este plan permitirá mellorar a calidade das augas das rías e dos núcleos de máis de 2.000 habitantes, segundo establece a directiva europea*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 1.848.346 euros para a construción da depuradora de augas residuais (EDAR) de Camelle, en Camariñas (A Coruña). Esta é unha das novas depuradoras incluídas no Plan de saneamento das rías de Galicia posto en marcha pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

A depuradora, que dará servizo aos núcleos de Camelle e Arou, terá capacidade para 3.700 habitantes e incluírá unha rede de 2.790 metros de colectores que recollerán as verteduras actuais e as levarán á nova EDAR, catro bombeos para caudais de entre 4,38 a 18,56 litros por segundo e 1.197 metros de tubos para a impulsión.

O proxecto conta cun prazo dun mes para a súa redacción, outros 10 meses para a execución e 12 meses para a explotación da depuradora.

Saneamento das rías de Galicia

Galicia está a investir máis de 825 millóns de euros na construción, ampliación e mellora de 76 depuradoras de augas residuais, no marco do Plan de saneamento integral de Galicia 2005-2009, que permitirá o saneamento dos núcleos de máis de 2.000 habitantes e a mellora da calidade das augas das rías e ríos da nosa comunidade.

O obxectivo da Xunta é que todas as depuradoras previstas poidan estar en execución no vindeiro ano. Así, actualmente a Consellería de Medio Ambiente, nalgúns casos co Ministerio de Medio Ambiente, traballa na construción de 40 novas depuradoras, mentres que nos últimos tres anos se realizaron ampliacións e melloras noutras 24 (en 22 delas para mellorar a calidade da auga para o marisqueo) se puxeron en servizo 12 depuradoras máis.

As novas depuradoras das rías galegas son as de Baiona, O Grove, Vigo, Raxó (Poio) e Catoira (Pontevedra); Corrubedo, Ribeira, Porto do Son, Esteiro, Muros, Fisterra, Camariñas, Ponte do Porto, Camelle, Ponteceso, Malpica, Carballo (Razo), Baldaio,



Arteixo, A Coruña, Gandarío (Bergondo), Ares, Ferrol e Cariño (A Coruña); San Cibrao, Palmeiro, Forxán (Foz) e Ribadeo (Lugo).

Nas zonas de interior, as novas depuradoras son as de Santa Comba, Carral, As Pontes, Santiago, Aríns, Teo e Arzúa (A Coruña); Ribadumia e Bandeira (Pontevedra); Ourense e Carrás (O Carballiño), na provincia de Ourense; e a de Lugo.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 150.000 EUROS A PROMOVER ACCIÓNS QUE REDUCIRÁN EN PRETO DE 116 TONELADAS DE CO² A EMISIÓN DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos tres convenios, de 50.000 euros cada un, que proxectan actuacións de eficiencia enerxética e calorífica***
- ***A Comunidade Autónoma de Galicia adquiriu o compromiso de facer fronte aos efectos deste problema global, polo que puxo en marcha o Plan galego de acción contra o cambio climático, que prevé reducir 12,25 millóns de toneladas ata o 2012***

O Goberno galego destinará 150.000 euros a promover accións que reduzan a emisión de gases de efectos invernadoiro nas instalacións das tres universidades galegas, a través de tres convenios que foron autorizados hoxe polo Consello da Xunta. Estas iniciativas suporán unha redución anual de 116,9 toneladas de CO² no conxunto das universidades galegas.

O investimento aboarase en cada caso en dúas anualidades, de xeito que no 2008 se achegarán 22.370 euros a cada institución universitaria e 27.630 euros no próximo ano.

A Comunidade Autónoma de Galicia adquiriu o compromiso de facer fronte aos efectos deste problema global, polo que puxo en marcha unha serie de accións coordinadas e agrupadas no Plan galego de acción contra o cambio climático. O obxectivo prioritario do plan é reducir as emisións difusas de gases e artículase en torno a catro eixes prioritarios: a redución de emisións, a avaliación de impactos e adaptación ao cambio climático, a observación e a investigación e a educación, información e cooperación.

Con este plan preténdese acadar o obxectivo de reducir 12,25 millóns toneladas de CO² no período 2008-2012.

Universidade de Santiago de Compostela

As actuacións de mellora en varios edificios da Universidade de Santiago de Compostela consistirán na: substitución de cerramentos exteriores, optando por cristais de maior grosor que reduzan a transmisión de calor; na instalación de sistemas de iluminación intelixente regulada pola luz exterior; no illamento térmico das tubaxes en estancias non prioritarias e falsos teitos accesibles, para evitar que se acaden temperaturas por enriba das recomendables e provoque unha deficiente repartición da calor; no cambio de cristais abatibles por outros fixos para evitar a perda de aire quente, pero garantindo a renovación do aire; no peche de antigos depósitos de libros, que non teñen uso pero que contan con calefacción; na colocación de deshumificadores en áreas da Facultade de Dereito; e na instalación dun sistema de renovación de aire no salón de graos e dun anteparo de peche entre as plantas terceira e cuarta.

Con todas estas iniciativas conseguirase un aumento da eficiencia enerxética e unha redución da emisión de gases de efecto invernadoiro de 16,88 toneladas de CO² anuais.



A Universidade de Santiago de Compostela xa puxo en marcha outras iniciativas para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro, como o programa de préstamos de bicicletas, que se enmarca nun convenio de colaboración entre a entidade educativa e a Consellería de Medio Ambiente. Esta iniciativa permitiu o aforro de 20 toneladas de emisións este ano.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asumirá a metade do custo destas actuacións, que ascende a 100.000 euros.

Universidade de Vigo

O campus de Ourense abordará a reforma da súa iluminación exterior, mediante a colocación de farois de tipo LEDs de baixo consumo e farois fotovoltaicos, e a creación dunha horta solar, que se instalará no pavillón de estudantes, e que permitirá o aproveitamento do potencial solar para a produción de electricidade. Con estas medidas conseguírase un aumento da eficiencia enerxética e unha redución do consumo eléctrico, o que suporá unha diminución anual de 20,57 toneladas de CO².

Nos anos 2007 e 2008 a Consellería de Medio Ambiente impulsou, en colaboración coa Universidade de Vigo, un programa de avaliación do impacto ambiental da comunidade universitaria e de eficiencia enerxética, que incluíu a implantación de instalacións solares térmicas no pavillón de deportes do campus de Vigo e no centro ECIMAT, así como a mellora da eficiencia das lámpadas de iluminación e a instalación de farois fotovoltaicos. O conxunto destas accións permitiu conseguir unha redución anual de 496 toneladas de CO².

Universidade da Coruña

As actuacións que se realizarán no campus da Coruña incluírán a substitución de 200 lámpadas e luminarias por outras de baixo consumo, que permitirá unha redución de 76,12 toneladas de CO² ao ano. Ademais, está prevista a adaptación dun edificio cunha instalación fotovoltaica, que permitirá reducir o emprego de electricidade procedente dos combustibles fósiles e utilizar enerxías limpas. Isto suporá un aforro de 3,33 toneladas de gases efecto invernadoiro ao ano.

A Universidade da Coruña, dentro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente para o análise do impacto ambiental da UDC, reduciu durante este ano 169 toneladas de CO² coa execución de accións de mellora de eficiencia enerxética e enerxías renovables en instalacións universitarias, ao que se suman unhas 5 toneladas anuais máis grazas á implantación do programa de préstamo de bicicletas.



A XUNTA E O MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E MARIÑO INVESTIRÁN 500.000 EUROS EN ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN, SINALIZACIÓN, DIFUSIÓN E PROGRAMACIÓN DE ACCIÓNS FUTURAS NA RESERVA DA BIOSFERA DO RÍO EO, OSCOS E TERRAS DE BURÓN

- ***O Consello autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, para a execución dos proxectos***
- ***Este acordo permitirá a elaboración dun plan de promoción da reserva, que incluíra o deseño dun logotipo e a sinalización do terreo***
- ***Tamén está prevista a realización de proxectos que poidan optar a fondos europeos e a promoción de actuacións de carácter local dos concellos que forman parte da reserva***
- ***Estas accións están encamiñadas a compatibilizar a conservación do patrimonio natural co desenvolvemento socioeconómico do territorio que forma parte da reserva, que conta cunha extensión de 158.883 hectáreas distribuídas entre Galicia e Asturias***

A Xunta e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño investirán 500.000 euros en actuacións de promoción, sinalización, difusión e programación de futuras accións dentro da Reserva da Biosfera do río Eo, Oscos e Terras do Burón. O Consello aprobou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o ministerio para a execución destes proxectos.

Este acordo ten por obxecto a posta en marcha de accións encamiñadas a compatibilizar os obxectivos de conservación do patrimonio natural co desenvolvemento socioeconómico do conxunto do territorio incluído na reserva.

Para isto, está prevista a elaboración e execución dun plan de promoción da Reserva da Biosfera do Eo, Oscos e Terras de Burón, que incluíra o deseño dun logotipo, a realización dun manual de identificación corporativa e a posta en marcha de campañas de difusión e publicidade, entre outras. O convenio tamén recolle a sinalización do terreo que forma parte da reserva, así como a realización de proxectos conxuntos de carácter horizontal e transversal para actuacións futuras (iniciativas que poden optar a fondos Life ou Interreg).

Xunto a estas accións, o convenio entre o ministerio e a consellería permitirá dar soporte a iniciativas de promoción e actuacións de carácter local que poidan desenvolver os concellos incluídos na zona da reserva.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño achegarán conxuntamente 500.000 euros, dos cales 350.000 corresponden á achega do ministerio e 150.000 á da consellería.

Reserva intracomunitaria



A do Río Eo, Os Oscos e as Terras de Burón é a primeira reserva da biosfera intracomunitaria, impulsada de xeito conxunto por dúas comunidades españolas, Galicia e Asturias, que realizaron un gran traballo de coordinación para lograr que o espazo natural limítrofe entre ambos os territorios obtivese esta declaración da Unesco en setembro de 2007.

A nova reserva da biosfera conta cunha extensión de 158.883 hectáreas, das cales 108.007 se sitúan en territorio galego e o resto en terras asturianas. Nestes terreos están integrados un total de 14 concellos, sete de cada comunidade, que representan unha poboación de 32.974 habitantes, 21.667 dos cales pertencen a concellos galegos.

Os concellos galegos que forman parte da reserva son os de Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Baleira, A Fonsagrada e Negueira de Muñiz. Pola parte de Asturias integran esta reserva os concellos de Castropol, Vegadeo, San Tirso de Abres, Taramundi, Villanueva de Oscos, Santa Eulalia de Oscos e San Martín de Oscos.

A reserva do río Eo, Os Oscos e as Terras de Burón ten un gran valor paisaxístico e medioambiental, xa que contén paisaxes de media montaña (chega ata os Ancares), fluviais (co río Eo como valor representativo) e marítimos (o mar Cantábrico).



A XUNTA INVISTE 13 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCIÓN DE 132 VIVENDAS PROTEXIDAS NO POLÍGONO RESIDENCIAL DE VALDECORVOS, EN PONTEVEDRA

- *Este investimento foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta e inclúe a redacción do proxecto e a execución das obras, que se licitarán este mes de decembro*
- *A superficie útil das vivendas oscilará entre os 54 e os 94 m², en concreto: 42 vivendas disporán de 3 dormitorios, 66 vivendas de 2 dormitorios e 24 vivendas dun dormitorio*

A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Solo, inviste 13.083.820 euros na construción de 132 vivendas de promoción pública (VPP) no polígono residencial de Valdecorvos, na cidade de Pontevedra. Este investimento foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta e inclúe a redacción do proxecto e a execución das obras, que se licitarán este mes de decembro.

Esta actuación levarase a cabo sobre unha parcela de 4.381 metros cadrados, propiedade da Consellería, no polígono residencial de Valdecorvos e as vivendas distribuiranse en tres bloques que disporán de planta baixa e seis alturas. En concreto, un primeiro dos bloques, albergará 72 vivendas, o segundo albergará 36 vivendas e o último dos bloques terá 24 vivendas.

O orzamento comprometido para esta actuación abrangue as anualidades 2009-2012 coa seguinte distribución: 654.190 euros con cargo á anualidade 2009, 3.270.954 euros en 2010, 5.887.718 euros con cargo a 2011 e os 3.270.954 euros restantes serán con cargo á anualidade 2012.

Superficie e destinatarios das vivendas

As 132 vivendas de promoción pública de Valdecorvos terán unha superficie útil de entre 54 e 94 metros cadrados. En concreto, 36 vivendas serán de tres dormitorios cunha superficie útil de 89 m², 66 vivendas terán dous dormitorios e unha superficie útil de 68 m², 24 vivendas terán un dormitorio e unha superficie útil de 54 m², e as seis vivendas restantes terán 3 dormitorios e unha superficie útil de 94 m² e estarán adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

Ademais das 132 vivendas, os tres bloques albergarán baixos comerciais nos andares baixos cunha superficie útil total de 890 metros cadrados, 248 prazas de garaxe en sotos e 132 rochos adscritos a cada unha das vivendas.

316 vivendas de protección autonómica (VPA)

Ademais da construción das 132 vivendas de promoción pública, a Consellería de Vivenda e Solo sacou á venda o pasado mes de outubro oito parcelas de solo residencial en Valdecorvos para a construción de 316 vivendas de protección autonómica.



Estas 316 vivendas protexidas serán construídas polo sector privado e están destinadas ás rendas de ata 6,5 veces o IPREM, é dicir, a familias ou unidades convivenciais de ata 39.500 euros de ingresos ponderados anuais. Un amplo abano de rendas co obxectivo de garantir a diversidade e a cohesión social dos futuros residentes.

Un total de 12 empresas presentaron as súas solicitudes para adquirir 37.552,50 metros cadrados, o que implica un 96% máis do solo ofertado pola consellería, que é de 19.125 metros cadrados. A previsión da Consellería é adxudicar as oito parcelas no prazo de dous meses.

Urbanización de 126.000 metros cadrados

Na actualidade, a Consellería de Vivenda e Solo está acometendo as obras de urbanización dos 126.000 metros cadrados totais do polígono residencial de Valdecorvos cun investimento total de 17,9 millóns de euros: 13 millóns para a adquisición do solo, e 4,9 millóns de euros para sufragar o proxecto de urbanización, cuxa execución se iniciou hai un mes e estará finalizada en maio de 2009.

Ademais do uso residencial, o ámbito do polígono residencial de Valdecorvos complementábase con 12.000 m² reservados para equipamentos, 32.000 m² destinados a zonas verdes e 14.000 m² que están ocupados por vivendas preexistentes.



O CONSELLO DA XUNTA APROBOU UN INVESTIMENTO DE 24,4 MILLÓNS DE EUROS PARA A URBANIZACIÓN E CONSTRUCCIÓN DA ÁREA RESIDENCIAL DE ELVIÑA NO CAMPUS UNIVERSITARIO DA CORUÑA

- ***As obras serán licitadas antes de que remate este mes***
- ***Esta área residencial contará con 311 vivendas cunha capacidade para 600 camas***

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou un investimento de 24.404.350 de euros para as obras de urbanización e construción da área residencial de Elviña, no campus universitario da Coruña. A consellería licitará estas obras antes de que remate este mes.

A previsión é que o investimento se execute en catro anualidades: 1.458.000 euros en 2009, outros 10.629.000 euros en 2010, tamén 10.629.000 en 2011 e, por último, 1.688.349 euros en 2012.

A Consellería de Vivenda e Solo promove a construción da área residencial de Elviña que albergará 311 vivendas protexidas destinadas á comunidade universitaria da Coruña e que serán adxudicadas en réxime de aluguer a estudantes, profesores visitantes e persoal administrativo da universidade coruñesa.

Esta área residencial abrangue unha superficie de 45.000 metros cadrados, dos que 19.000 son de uso residencial, 1.014 metros cadrados destinados a servizos comúns, 9.635 metros cadrados para espazos libres, 6.000 de aparcadoiro e outros 5.600 metros cadrados para o sistema viario.

O edificio dedicado a residencia contará con 326 vivendas destinadas ao colectivo de estudantes, profesores e persoal da Universidade da Coruña, cunha capacidade para 600 camas. Tamén contará con espazos comúns que albergarán servizos propios da comunidade universitaria, por exemplo, varios locais sociais, unha sala polivalente, cafetería e supermercado, ademais dun aparcamento subterráneo.

O inmovible contará con catro modalidades de apartamentos de 1 ou 2 dormitorios, con diferentes distribucións espaciais que acollen baño, vestidor, cociña-estar e zonas comúns de estudo ou estancia, segundo os casos.

A Xunta prevé un investimento total de 30 millóns de euros para levar a cabo esta actuación. Do total, 5,6 millóns de euros destináronse á adquisición dos terreos mentres que o investimento autorizado hoxe -24,4 millóns de euros- se dedicarán á urbanización do ámbito e construción das vivendas.



O GOBERNO GALEGO DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE MANDIÁ E DA ZAL DE LEIXA

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, declara de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial da plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol, que inclúe o parque empresarial de Mandiá e a zona altamente loxística de Leixa, que en conxunto suman 2,6 millóns metros cadrados.

Esta plataforma loxística está situada nunha zona moi próxima ao polo industrial de Ferrolterra, onde se engloban os actuais polígonos Río do Pozo, As Lagoas e Leixa e o as novas instalacións do porto exterior de Ferrol, en Prioriño.

O Consello da Xunta considera de interese público e utilidade social o proxecto sectorial da plataforma loxística, empresarial e portuaria de Ferrol pola súa contribución ao desenvolvemento sustentable -social e económico- de Galicia, xa que supón a creación de solo empresarial non soamente de servizo comarcal, senón tamén como punto de distribución rexional ligado á actividade desenvolvida no porto exterior.



A XUNTA INVISTE 140.000 EUROS NA ESTABILIZACIÓN DUN NOIRO NA VÍA DE ACCESO AO PORTO DE MIRASOL, EN RIBADEO

O ente público Portos de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, destina 140.000 euros ás obras de estabilización dun noiro da vía de acceso ao porto de Mirasol, en Ribadeo.

Esta actuación –da cal se informou ao Consello da Xunta que tivo lugar hoxe- realízase polo trámite de urxencia debido á necesidade de repoñer canto antes os danos provocados polas excepcionais choivas rexistradas o pasado día 2 de novembro. Estas fortes choivas ocasionaron un desprendemento de terras do noiro exterior da vía de acceso ao porto que derivou en importantes danos nas naves situadas ao seu carón e sobre a propia estrada.

Polo tanto, as obras que xa está a realizar Portos de Galicia consisten, en primeiro lugar, en demoler as estruturas que non poden ser reparadas e apontoar as estruturas inestables. Os traballos abranguen tamén a retirada dos entullos das naves afectadas, a cimentación do muro e a colocación dun novo firme no tramo da vía afectada. O prazo de execución dos traballos é de dous meses, polo que entre finais deste ano e principios do próximo xa estarán rematadas na súa totalidade.